

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 10 de febreiro de 2023  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día dez de febreiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *D. Carlos López Font* nin a deputada *Dna. Iria Lamas Salgueiro*, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32208.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador das actas das sesións ordinarias do día 27 de xaneiro e 3 de febreiro de 2023, respectivamente.

2.32209.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN ORREA, SEXO, AGRA E VAL DE SAN GORZA”.- ANUALIDADE 2023 (Expte.2022067561)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.



- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 09/11/2022 por rexistro WEB2022057582, emendado en datas posteriores, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de AGOLADA na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 173.150,00 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO-PISTA EN ORREA, SEXO, AGRA E VAL DE SAN GORZA”, cun orzamento que importa 173.150,00 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade/s | Orzamento- € | Subvención a cargo do Plan Concellos | Achegas doutras administracións públicas -€ | Fondos propios do Concello -€ |
|--------------|--------------|--------------------------------------|---|-------------------------------|
| 2023         | 173.150,00   | 173.150,00                           | 0,00  | 0,00                          |
| TOTAL        | 173.150,00   | 173.150,00                           | 0,00  | 0,00                          |

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial, achegando as declaracións responsables presentadas ante Augas de Galicia, Fenosa, así como as autorizacións da Deputación de Pontevedra e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (Patrimonio).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación de data 20/01/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 06/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Agolada*, CIF: P3602000F a cantidade de 173.150,00 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños de titularidade municipal con firme de asfalto-pista en Orrea, Sexo, Agra e Val de San Gorça*” (Expte. 2022067561) cun orzamento que importa 173.150,00 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

| Anualidade/s | Orzamento- € | Subvención a cargo do Plan Concellos | Achegas doutras administracións públicas - € | Fondos propios do Concello-€ |
|--------------|--------------|--------------------------------------|--|------------------------------|
| 2023         | 173.150,00   | 173.150,00                           | 0,00   | 0,00                         |
| TOTAL        | 173.150,00   | 173.150,00                           | 0,00   | 0,00                         |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Agolada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32210.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte. 2023005891)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.



- As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.





- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

| CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE  |  |                                     |                  |                                  |
|-------------------------------|--|-------------------------------------|------------------|----------------------------------|
| Data de presentación:         |  | 30/01/2023 (registro WEB2023004456) |                  |                                  |
| Data de emenda da solicitude: |  | 30/01/2023 (registro WEB2023004548) |                  |                                  |
| Nº traballadores              | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Orzamento                           | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 20                            | <i>5 oficiais de 1ª encofradores/as, 9 peóns podadores/as, desbrozadores/as e motoserristas forestais, 2 oficiais de 1ª condutores/as-operadores/as maquinaria forestal a motor, 1 oficial de 1ª condutor/a de camión e 3 peóns pintores/as de vías urbanas a xornada completa durante 7 meses</i> | 230.518,20 €                        | 60.866,57 €      | 169.651,63 €                     |

- Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE  |              |
|---|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 169.651,63 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a



activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.

- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



### III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (Liña 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

| ANEXO                        |                  |  |                    |
|------------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                     | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Cerdedo-Cotobade (P3600048G) | 20               | <i>5 oficiais de 1ª encofradores/as, 9 peóns podadores/as, desbrozadores/as e motoserristas forestais, 2 oficiais de 1ª condutores/as-operadores/as maquinaria forestal a motor, 1 oficial de 1ª condutor/a de camión e 3 peóns pintores/as de vías urbanas a xornada completa durante 7 meses</i> | 169.651,63 €       |



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: Y8YMGCPY5FDUZ9EU) e do informe de Intervención (CSV: QZLYE4YQHVL8JYC0), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Cerdedo-Cotobade* (CIF P3600048G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

| ANEXO                           |                  |   |                    |
|---------------------------------|------------------|---|--------------------|
| Concello                        | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Importe a conceder |
| Cerdedo-Cotobade<br>(P3600048G) | 20               | 5 oficiais de 1ª encofradores/as, 9 peóns podadores/as, desbrozadores/as e motoserristas forestais, 2 oficiais de 1ª condutores/as-operadores/as maquinaria forestal a motor, 1 oficial de 1ª condutor/a de camión e 3 peóns pintores/as de vías urbanas a xornada completa durante 7 meses | 169.651,63 €       |

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



4.32211.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023004360)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.





- Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

| CONCELLO DE CRECENTE          |  |                                     |                  |                                  |
|-------------------------------|--|-------------------------------------|------------------|----------------------------------|
| Data de presentación:         |  | 18/01/2023 (registro WEB2023002882) |                  |                                  |
| Data de emenda da solicitude: |  | 27/01/2023 (registro WEB2023004164) |                  |                                  |
| Nº traballadores              | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Orzamento                           | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 11                            | <i>1 condutor/a de camión en xeral, 1 condutor/a de maquinaria e 1 limpador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 1 oficial de 2ª albanel e 7 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i> | 86.597,04 €                         | 0,00 €           | 86.597,04 €                      |

- Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.



- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE CRECENTE  |             |
|---|-------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 91.647,17 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



## II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

## III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.



- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

| ANEXO                   |                  |  |                    |
|-------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Crecente<br>(P3601400I) | 11               | <i>1 condutor/a de camión en xeral, 1 condutor/a de maquinaria e 1 limpador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 1 oficial de 2ª albanel e 7 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i> | 86.597,04 €        |

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 9VYX7YG242700VE9) e do informe de Intervención (CSV: N4DEETMYRTJD9I03), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Crecente* (CIF P3601400I) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

| ANEXO                   |                  |  |                    |
|-------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Crecente<br>(P3601400I) | 11               | <i>1 condutor/a de camión en xeral, 1 condutor/a de maquinaria e 1 limpador/a en xornada de 37,5 h./sem. durante 6 meses; 1 oficial de 2ª albanel e 7 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i> | 86.597,04 €        |

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.



- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.32212.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REORDENACIÓN DA RÚA CASTRIÑOS ENTE AS RÚAS ARANSA E BOUZAS” (Expte. 2023004691)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



- En data 23/01/2022 por rexistro WEB2023003196, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *Concello de A Illa de Arousa* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 173.479,22 €, con destino ao financiamento do investimento “*Reordenación da Rúa Castríños entre as Rúas Aransa e Bouzas*”, cun orzamento que importa 173.479,22 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento  | Subvención a cargo do Plan Concellos | Achegas doutras administracións públicas | Fondos propios do Concello |
|------------|------------|--------------------------------------|--|----------------------------|
| 2023       | 173.479,22 | 173.479,22                           | 0,00                                     | 0,00                       |

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma, o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, indicando que non son precisas autorizacións para executar o investimento.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 23/01/2023.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

## DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 23/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Illa de Arousa* CIF P8600004I a cantidade de 173.479,22 €, con destino ao financiamento do investimento “*Reordenación da Rúa Castriños ente as Rúas Aransa e Bouzas*”, (Expte.2023004691) cun orzamento polo mesmo importe.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *concello de A Illa de Arousa* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Illa de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia



6.32213.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE MARÍN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2022) LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUSTENTACIÓN DEL CAMINO EN CIVIDANES” (Expte. 2022073499)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No marco do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20/05/2022, acordo núm. 8.31740 concedeu ao *concello de Marín* unha subvención por importe de 185.493,65 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Sistema de sustentación en Cividanes*” (Expte. 2022008516).
- A base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 Liña 1 – Investimentos, lexítima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- En data 26/12/2022, co núm. de rexistro WEB2022064797 o *concello de Marín* solicita que sexa admitida a trámite a desistencia total da subvención arriba referida, polo importe de 185.493,65 €.
- En data 24/01/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023000491 acéptase a desistencia total do *concello de Marín* á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Sistema de sustentación en Cividanes*” (Expte. 2022008516), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2022 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 185.493,65 euros para o financiamento das novas propostas que pretende acometer o *Concello*.
- Neste contexto, o *concello de Marín* solicita formalmente, que parte do crédito dispoñible por mor da desistencia, poida empregarse na subvención por cambio de finalidade, encadrada na Liña 1 do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), por importe de 184.863,91 €, con destino ao financiamento do investimento “*Sustentación del camino en Cividanes*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| ANUALIDADE | ORZAMENTO  | SUBVENCIÓN | ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS | FONDOS PROPIOS |
|------------|------------|------------|---------------------------------|----------------|
| 2022       | 184.863,91 | 184.863,91 | 0,00                            | 0,00           |

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente de tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos, ademais da propia Deputación Provincial.





- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/01/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por cambio de finalidade, ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 184.863,91€, con destino ao financiamento do investimento “*Sustentación del camino en Cividanes*”, (Expte.2022073499) cun orzamento polo importe de 184.863,91 € distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento  | Subvención | Achegas doutras administracións | Fondos propios |
|------------|------------|------------|---------------------------------|----------------|
| 2022       | 184.863,91 | 184.863,91 | 0,00                            | 0,00           |

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45.2022 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de Marín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

7.32214.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005889)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.



- De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

| CONCELLO DE MEAÑO     |  |                                     |                  |                                  |
|-----------------------|--|-------------------------------------|------------------|----------------------------------|
| Data de presentación: |  | 30/01/2023 (registro WEB2023004439) |                  |                                  |
| Nº traballadores      | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Orzamento                           | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 15                    | <i>1 operario/a condutor/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns obras públicas, 4 albaneis e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 arquivado/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a comedor escolar en xornada de 15 h./sem. durante 4 meses; e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i> | 138.906,89 €                        | 20.215,00 €      | 118.691,89 €                     |



- Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE MEAÑO   |              |
|---|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 118.691,89 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

## CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

| ANEXO                |                  |   |                    |
|----------------------|------------------|---|--------------------|
| Concello             | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Importe a conceder |
| Meaño<br>(P3602700A) | 15               | <i>1 operario/a condutor/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns obras públicas, 4 albanéis e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 arquiveiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a comedor escolar en xornada de 15 h./sem. durante 4 meses; e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i> | 118.691,89 €       |

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



## RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: RUM5FKE7BUIFY'TXX) e do informe de Intervención (CSV: CZ9KIS598RNZPE9V), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Meaño* (CIF P3602700A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

| ANEXO                |                  |   |                    |
|----------------------|------------------|---|--------------------|
| Concello             | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Importe a conceder |
| Meaño<br>(P3602700A) | 15               | <i>1 operario/a condutor/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns obras públicas, 4 albaneis e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 arquiveiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a comedor escolar en xornada de 15 h./sem. durante 4 meses; e 1 coidador/a terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses</i> | 118.691,89 €       |

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.





- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
  - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
  - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
  - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



8.32215.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023-LIÑA 1, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE A AVDA. ROSALÍA DE CASTRO E RÚA REDONDELA” (Expte. 2022074736)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos



que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
  - No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
  - En data 15/12/2022, por rexistro WEB2022063313 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, de petición do Concello de PONTEAREAS mediante a que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 189.127,07 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para execución do proxecto “HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP4006) ENTRE AVDA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA REDONDELA” (Expte. 2022074736), quedando configurada a petición tal e como reflicte na seguinte táboa:
- | Anualidade | Orzamento   | Subvención   | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|------------|-------------|--------------|---|
| 2023       | 630.423,58€ | 189.127,07 € | 441.296,51 € (Servizo infraestruturas da Deputación)                |
- De acordo co texto do convenio, o *Concello de Pontearreas* asume a obriga de redactar o proxecto técnico e a de obter as autorizacións pertinentes que fosen precisas. A estes efectos, constan no expediente o proxecto técnico e as peticións realizadas perante a propia Deputación e a Xunta de Galicia (Patrimonio).
  - Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida. Conforme as bases 1ª e 8ª das reguladoras, o convenio estende a súa vixencia ata o 31/12/2024 e polo tanto axústase ao prazo de execución que se recolle na norma para os investimentos acollidos na Liña 1 do exercicio 2023. Ademais, ao corresponder á Deputación á aprobación do proxecto técnico, por seres a institución provincial o órgano de contratación, o concello queda exento da aprobación do proxecto.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostíbeis polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. De acordo con estas bases, o concellos poderán destinar, a totalidade ou parte, da cantidade asignada na Liña 1 ao financiamento das achegas municipais doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio se axusten ao prazos de execución que se contemplan nas bases para os investimentos acollidos na Liña 1.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados



- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe do Xefe dos Servizos Técnicos do servizo de infraestruturas e vías provinciais, de data 10/01/2023, e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 12/01/2023 que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, a cantidade de 189.127,07 € con destino ao financiamento da achega municipal ao Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para a execución do proxecto “*Humanización Avda Sarmiento Rivera (Ep 4006) entre a Avda Rosalía de Castro e a Rúa Redondela* (Expte. 2022074736), cuxo orzamento ascende a 630.423,58 €, quedando as achegas configuradas tal e como se reflicte deseguido:

| Anualidade | Orzamento   | Subvención   | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|------------|-------------|--------------|---|
| 2023       | 630.423,58€ | 189.127,07 € | 441.296,51 € (Servizo infraestruturas da Deputación)                |





- A concesión da subvención realízase contra a aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito para facer fronte ao gasto. Unha vez concedida a subvención xerárase crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do convenio que se co-financia, sen que se poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023.
- Así mesmo, de ser o caso, de conformidade coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponteareas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.32216.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMIA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023006409)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDITORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (Expte. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.





- As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

| CONCELLO DE RIBADUMIA |  |                                     |                  |                                  |
|-----------------------|--|-------------------------------------|------------------|----------------------------------|
| Data de presentación: |  | 31/01/2023 (registro WEB2023004873) |                  |                                  |
| Nº traballadores      | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Orzamento                           | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 8                     | <i>1 oficial albanel, 3 peóns de obras públicas e 3 mozos/as recollida lixo a xornada completa durante 10 meses; 1 monitor/a ocio e tempo libre a xornada completa durante 8 meses</i> | 126.018,58 €                        | 14.540,50 €      | 111.478,08 €                     |



- Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE RIBADUMIA   |              |
|---|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 111.478,08 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

| ANEXO                    |                  |  |                    |
|--------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                 | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Ribadumia<br>(P3604600A) | 8                | <i>1 oficial albanel, 3 peóns de obras públicas e 3 mozos/as recollida lixo a xornada completa durante 10 meses; 1 monitor/a ocio e tempo libre a xornada completa durante 8 meses</i> | 111.478,08 €       |

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: OGZXUPPBSD5EIPN) e do informe de Intervención (CSV: OZT91FZCF2OLZ9K7), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Ribadumia* (CIF P3604600A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

| ANEXO                    |                  |  |                    |
|--------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                 | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Ribadumia<br>(P3604600A) | 8                | <i>1 oficial albanel, 3 peóns de obras públicas e 3 mozos/as recollida lixo a xornada completa durante 10 meses; 1 monitor/a ocio e tempo libre a xornada completa durante 8 meses</i> | 111.478,08 €       |

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.



- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

10.32217.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN FORNELOS, LOURIDO, PESQUEIRAS E CABREIRA”.  
(Expte. 2022070159)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.





Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 21/11/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Salvaterra de Miño na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 244.548,55 euros, con destino ao financiamento “Ampliación do saneamento en Fornelos, Lourido, Pesqueiras e Cabreira”, cun orzamento por importe de 244.548,55 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2023       | 244.548,55  | 244.548,55   | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 244.548,55  | 244.548,55   | 0,00                              | 0,00             |

O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto por importe de 6.050,19 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Medio Rural e da liña eléctrica de distribución Electra Alto Miño, contando con dita autorización.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 22/11/2022.

#### Fundamentación xurídica:

##### Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse suscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/11/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/12/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 31/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* CIF P3605000C, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 244.548,55 €, con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación do saneamento en Fornelos, Lourido, Pesqueiras e Cabreira*” (Expte.2022070159) cun orzamento polo importe de 244.548,55 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2023       | 244.548,55  | 244.548,55   | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 244.548,55  | 244.548,55   | 0,00                              | 0,00             |

O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto por importe de 6.050,19 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería do Medio Rural, sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xusto coa primeira xustificación da axuda económica, conforme ao establecido na base reguladora 12ª do Plan Concellos 2022-2023
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Salvaterra de Miño deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.32218.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023005927)

En relación á aprobación da concesión dunha subvención ó Concello de Sanxenxo, con CIF núm. P3605100A, correspondente á liña 3 (Activación do emprego), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3), emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE ACTOS CULTURAI, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).
- As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.



- As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importa da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumbran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

| CONCELLO DE SANXENXO  |   |                                     |                  |                                  |
|-----------------------|---|-------------------------------------|------------------|----------------------------------|
| Data de presentación: |   | 30/01/2023 (registro WEB2023004504) |                  |                                  |
| Nº traballadores      | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Orzamento                           | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 34                    | 3 auxiliares administrativos/as en xornada de 35 h./sem. durante 6,3 meses; 31 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses | 264.246,62 €                        | 6.472,67 €       | 257.773,95 €                     |



- Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE SANXENXO  |              |
|---|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 257.997,85 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.





**Segundo.- Consideracións xurídicas:****I.- Instrución do expediente:**

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

**II.- Petición e evacuación de informes:**

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

**III.- Resolución do expediente:**

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

#### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

| ANEXO                   |                  |  |                    |
|-------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Sanxenxo<br>(P3605100A) | 34               | <i>3 auxiliares administrativos/as en xornada de 35 h./sem. durante 6,3 meses; 31 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i> | 257.773,95 €       |

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 6O29IRNHK2ZBL69G) e do informe de Intervención (CSV: K1YQ4M7O91G8ZUW6), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Sanxenxo* (CIF P3605100A) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

| ANEXO                   |                  |   |                    |
|-------------------------|------------------|---|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Importe a conceder |
| Sanxenxo<br>(P3605100A) | 34               | 3 auxiliares administrativos/as en xornada de 35 h./sem. durante 6,3 meses; 31 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses | 257.773,95 €       |

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
  - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.



- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

12.32219.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) (Expte.2023006412)

Antecedentes:

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “BASES REGULADORAS DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS E/OU DA REALIZACIÓN DE



ACTOS CULTURAIS, DEPORTIVOS, SOCIAIS (LIÑA 2) 2023 (EXPTE. 2022064094)”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases).

- As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As axudas e subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases, especificamente na Quinta, Sexta e Oitava: liña 2 (Programa para amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.) e liña 3 (programa de activación do emprego 2023). Todo elo sen prexuízo do previsto en relación ó traspaso entre as diferentes liñas.
- As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e á densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns cincocentos mil (9.500.000,00) euros, con cargo á aplicación 23/942.9425.462.03, condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor dos orzamentos do ano 2023.
- Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregadas da liña 3 a incrementar o importe da liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as liñas 2 e 3. En todo caso, o concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da liña 3 á liña 1. Os traspasos entre liñas referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022008893 de 13/11/2022, con CSV: 9P96V2BBA4H5FBMF, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.



- De conformidade co disposto no Capítulo II das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2023), recibíuse unha solicitude de axuda coas seguintes características:

| CONCELLO DE TUI       |  |                                     |                  |                                  |
|-----------------------|--|-------------------------------------|------------------|----------------------------------|
| Data de presentación: |  | 31/01/2023 (registro WEB2023004928) |                  |                                  |
| Nº traballadores      | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Orzamento                           | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 17                    | <i>1 oficial de 2ª carpinteiro/a e 1 oficial de 2ª fontaneiro/a a xornada completa durante 9,5 meses; 14 peóns de horticultura e xardinería e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses</i> | 238.329,88 €                        | 5.622,16 €       | 232.707,72 €                     |

- Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2023) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo asignado ao concello. A existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación, quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento Provincial para o 2023, na aplicación 2023/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2023), na que se dotará o crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

| CONCELLO DE TUI   |              |
|---|--------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña | 235.936,34 € |

- Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A axuda comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.





## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as axudas que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2). aprobadas en sesión plenaria do 28/10/2022, punto núm. 5.7876, e publicadas no BOPPO núm. 208 do 31/10/2022.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente o Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2022-2023; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### Segundo.- Consideracións xurídicas:

#### I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Terceira, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

#### II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2)., que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



### III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25<sup>a</sup>.2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Terceira das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2) que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (Liña 2), que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

### CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Sexta do Capítulo II. Asemade, deberanse xustificar as axudas concedidas de conformidade ó establecido na base Quinta do Capítulo II e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin.

| ANEXO              |                  |  |                    |
|--------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello           | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Tui<br>(P3605500B) | 17               | <i>1 oficial de 2ª carpinteiro/a e 1 oficial de 2ª fontaneiro/a a xornada completa durante 9,5 meses; 14 peóns de horticultura e xardinería e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses</i> | 232.707,72 €       |



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: GCRNWCFFBD31S7AX5) e do informe de Intervención (CSV: 5STRHAHHZ4GKCVYN), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha axuda ao *Concello de Tui* (CIF P3605500B) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do *Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3)* para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2023/942.9425.462.03, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, unha vez realizada, no seu caso, a compensación das débedas que teña a entidade coa Deputación e á aprobación definitiva e entrada en vigor dos Orzamentos Provinciais para o ano 2023, nos que se dotará o crédito suficiente para este fin:

| ANEXO              |                  |   |                    |
|--------------------|------------------|---|--------------------|
| Concello           | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Importe a conceder |
| Tui<br>(P3605500B) | 17               | 1 oficial de 2ª carpinteiro/a e 1 oficial de 2ª fontaneiro/a a xornada completa durante 9,5 meses; 14 peóns de horticultura e xardinería e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses | 232.707,72 €       |

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Primeira do Capítulo II.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de



2023, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coa base Cuarta do Capítulo II, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2023. A modificación non poderá supoñer unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
  - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2023 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
  - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.



- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Quinta do Capítulo II das bases específicas recollidas para este programa de axudas. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

13.32220.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “FESTAS PATRONAIS SAN TELMO 2023” (Expte.2023001765)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra



(BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.

- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (líña 2)





- En data 04/01/2023, con rexistro núm.WEB2023000664, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2), petición do Concello de Tui na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 99.341,00 euros, con destino ao financiamento de “Festas patronais San Telmo 2023” (Expte.:2023001765), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento   | Subvención  | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|------------|-------------|-------------|---|
| 2023       | 99.341,00 € | 99.341,00 € | 0,00 €  |

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### Instrución do expediente

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade,





establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que *a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.*

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/01/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui*, CIF:P3605500B, a cantidade de 99.341,00 €, para a realización da actuación “*Festas patronais San Telmo 2023*” (Expte.2023001765), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.32221.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE FONTECARMOA”. (Expte.2023006155)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.



En data 31/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Vilagarcía de Arousa na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 425.405,17 euros, con destino ao financiamento “REPARACION E ACONDICIONAMENTO INTERIOR DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE FONTECARMOA”, cun orzamento por importe de 2.129.842,80 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento €  | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|--------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2023       | 2.129.842,80 | 425.405,17   | 580.149,39                        | 1.124.288,24     |
| TOTAL      | 2.129.842,80 | 425.405,17   | 580.149,39                        | 1.124.288,24     |

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 06/02/2023.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 07/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* CIF P3606000B, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 425.405,17 €, con destino ao financiamento do investimento “*Reparación e acondicionamento interior do pavillón polideportivo de Fontecarmoa*” (Expte.2023006155) cun orzamento polo importe de 2.129.842,80 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade   | Orzamento €         | Subvención €      | Achegas doutras administracións € | Fondos propios €    |
|--------------|---------------------|-------------------|-----------------------------------|---------------------|
| 2023         | 2.129.842,80        | 425.405,17        | 580.149,39                        | 1.124.288,24        |
| <b>TOTAL</b> | <b>2.129.842,80</b> | <b>425.405,17</b> | <b>580.149,39</b>                 | <b>1.124.288,24</b> |

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Vilagarcía de Arousa deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.





- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.32222.- INICIO DA PERDA DO DEREITO DE COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE LALÍN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021-LIÑA 2, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “CURSO DE PODA E ENXERTOS” (Expte.2021015275)

Antecedentes:

Primeiro.- As Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021 aprobadas polo pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 15/12/2020, e publicadas no BOPPO núm.1 de data 04/01/2021, dispoñen na base vixésimo primeira que o prazo para a xustificación do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. é ata o 31/03/2022. As Bases Reguladoras foron modificadas por acordo do pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 12/02/2021, publicándose dita modificación no BOPPO núm.32 do día 17/02/2021.

Segundo.- Ao *Concello de Lalín*, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30408, de data 14/06/2021, se lle concedeu unha subvención, por importe de 3.780,04 euros co obxecto do financiamento da actividade “*Curso de poda e enxertos*” (Expte.2021015275), con cargo ao Plan Concellos 2021.

Terceiro.- Rematado o prazo de xustificación, non consta entrada na sede electrónica da Deputación documentación que acredite a realización do gasto.

Cuarto.- Remitida, formalmente, comunicación coa indicación expresa do inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro á subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade “*Curso de poda e enxertos*” (Expte.:2021015275), o Concello de Lalín non achega a documentación xustificativa do gasto realizado nin formula ningún tipo de alegación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RS 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).





- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021.
- Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia.
- Lei de contratos do sector público 9/2017, de 8 de novembro.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCION DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación das expedientes.

## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

## DA CAUSA DA PERDA DE SUBVENCIÓN

- Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2021 que sinala como obrigas do beneficiarios das subvencións a de realizar as actuacións que fundamentan a concesión das mesmas nos prazos sinalados nas referidas Bases, engadindo que o incumprimento destas obrigas será causa de reintegro.
- Base Reguladora 21ª do Plan Concellos 2021, que di que “Todas as finalidades subvencionadas deben xustificarse totalmente nos prazos sinalados segundo a natureza das distintas liñas da subvención, conforme se dispón nestas bases. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar a perda do dereito ao cobro de subvención correspondente.”
- Artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro, que establece como obrigas dos beneficiarios no punto 1.b) o de xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión.
- Artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que engade que é acto obrigatorio do beneficiario o da xustificación, e que “o incumprimento da obriga da xustificación da subvención nos termos establecidos, ou a xustificación insuficiente da mesma levará aparellado o reintegro nas condicións previstas no artigo 37.
- Artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias a de realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.



- Artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións, o incumprimento do prazo de xustificación da lugar á perda do dereito de cobro, ou o reintegro se houberse pagamento anticipado.
- Artigo 29 da mesma Ordenanza, se as causas de reintegro ou perda do dereito ao cobro se producen no momento anterior ao pagamento, dará lugar a perda total ou parcial do dereito a cobrar a subvención.

#### DO PROCEDEMENTO PARA DECLARAR A PERDA DO DEREITO A COBRO

- Artigo 20 da Ordenanza Xeral de Subvencións, sinala que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro de subvención será o regulado na normativa de subvencións e no réxime xurídico xeral, debendo cumprir os seguintes trámites: a) Acordo de inicio; b) Notificación con alegacións e reclamacións; c) Resolución de alegacións, se as houberse, e acordo definitivo; d) Notificación con indicación de recursos.

#### III.- MOTIVACIÓN DA REGULACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

- O artigo 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LCACAP) dispón que os termos e prazos establecidos en este ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos. A Lei establece a obrigatoriedade dos termos e dos prazos como unha ferramenta para garantir unha eficiente e eficaz xestión dos asuntos públicos e o cumprimento dos trámites do procedemento.
- O artigo 8.3 da LXS sinala como principios da xestión das subvencións os de igualdade, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante, e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/02/2023, e a conformidade da intervención provincial, de data 06/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito a cobrar á subvención concedida, por importe de 3.780,04 €, ao *Concello de Lalín*, CIF:P3602400H, co obxecto do financiamento do investimento “*Curso de poda e enxertos*” (Expte.2021015275), cun orzamento polo mesmo importe, por incumprimento das condicións relativa á xustificación.
- Conceder un prazo de quince días hábiles para que o interesado poida realizar cantas alegacións estime oportunas. No caso de non se realizar alegacións e transcorrido dito prazo ditarase polo órgano competente a resolución que proceda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Lalín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



16.32223.- ACEPTACIÓN DA DESISTENCIA E DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE NIGRÁN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “SERVIZO MUNICIPAL DE CANGUROS” AO ABEIRO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS 2021 (Expte.2021016284)

Antecedentes:

- Visto o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30408, de 14/06/2021, pola que se concedía ao *Concello de Nigrán*, no marco do Plan Concellos 2021-Liña 2, unha subvención, por importe de 2.000,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*Servizo municipal de canguros*” (Expte.:2021016284), cun orzamento de 5.000,00 euros.
- Visto que de acordo co recollido na base vixésimo primeira do Plan Concellos 2021, as actuacións financiadas con cargo a liña de Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc debían estar xustificadas na súa totalidade a 31 de marzo de 2022.
- Visto que rematado o prazo de xustificación arriba referido, o *Concello de Nigrán* non achega a documentación xustificativa do gasto realizado en relación á actuación “*Servizo municipal de canguros*” (Expte.:2021016284).
- Vista a instancia xenérica presentada polo *Concello do Nigrán* núm. WEB2022026049, de 28 de abril de 2022, do seguinte teor literal:  
“*Tendo concedida unha axuda dentro do Plan Concellos 2021 para actividade de campamento municipal de canguros, sinalar que dita actividade non se chegou a realizar polo que solicítase que se proceda ó arquivo da concesión de 2000 euros para actividade antes sinalada.*”
- Atendendo ao escrito arriba presentado en prazo, e visto os artigos 82.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e artigo 75 do Real Decreto 887/2003, do 21 de xullo (LXS), deuse por cumprido o trámite de alegacións por canto o Concello interesado fixo o informe no que consideran acaído o seu dereito, resultando cumprido o principio de audiencia sen xerarse indefensión algunha.
- Visto o artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón no seu punto 1, que todo interesado poderá desistir das súas solicitudes ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, establecendo no seu punto 4 que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluído o procedemento.
- Examinados os antecedentes arriba expostos e a motivación legal, informase do PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN PERDA DEFINITIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE NIGRÁN, para a realización da actuación “*Servizo municipal de canguros*” (Expte.:2021016284) con cargo ao Plan Concellos 2021-Liña 2.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de Execución do Orzamento Provincial.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021-Liña 2

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 172 do ROF, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

## PROCEDENCIA DA PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN

- Artigos 30.2 da LXS e 28.2 da LSG, que indican que a xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e que o seu prazo ven determinado polas correspondentes bases reguladoras.
- Artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación que regula as causas que poden dar lugar o reintegro ou a perda do dereito a cobro das subvencións concedidas.
- Base 21ª do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 que relaciona os requisitos da xustificación, o seu prazo, e a documentación requirida.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/01/2023, e a conformidade da intervención provincial, de data 26/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- a. Aceptar a desistencia do *Concello de Nigrán*, CIF.:P3603500D, á subvención concedida no marco Plan Concellos 2021, por importe de 2.000,00 €, co obxecto do financiamento da actuación “*Servizo municipal de canguros*” (Expte.2021016284), cun orzamento por importe de 5.000,00 €.



- b. Declarar concluso o expediente e proceder ó seu arquivo.
- c. Declarar a perda definitiva do dereito ao cobro á subvención concedida mencionada.
- d. Desafectar o crédito por importe total de 2.000,00 euros mediante os correspondentes documentos contables.
- e. Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.32224.- AUTORIZACIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO QUE REXERÁ A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESPAZO COWORKING” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023- CONCELLO DE POIO (Expte.2022009949)

Antecedentes:

- Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Por acordo núm. 6.31713 da Xunta de Goberno, de data 13/05/2022, concedeuse ao *Concello de Poio*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, para o investimento denominado “*Acondicionamento de local para espazo coworking*” unha subvención polo importe que se reflicte na seguinte táboa:

| Anualidades | Orzamento    | Subvención   | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|-------------|--------------|--------------|---|
| 2022        | 47.897,53 €  | 47.897,52 €  | 0,01 € Concello de Poio   |
| 2023        | 106.610,62 € | 106.610,62 € |   |
| Total       | 154.508,15 € | 154.508,15 € | 0,01 €  |

- A concesión da subvención se fixo condicionada no seu momento, a que o concello aprobase o proxecto e achegase a acta de trazado previo, unha vez obtivese a autorización sectorial do Servizo de Costas do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.



- Mediante rexistro nº 2022060978, de data 30/11/2022, completado polo rexistro núm. 2022028656 de data 27/12/2022, o Concello manifesta a necesidade de substituír o proxecto inicial, por outro cun orzamento asinado o 18/10/2022, axustando así só os prezos ao momento actual por canto ao sacarse a licitación o proxecto anterior resultou deserto. A actualización de prezos é a razón da presentación do novo documento técnico, do que resulta un novo orzamento de 185.409,79 euros asumindo o concello a financiación da diferenza de 30.901,64 €. En consecuencia así queda agora a táboa de financiación:

| Anualidades | Orzamento    | Subvención   | Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas |
|-------------|--------------|--------------|---|
| 2022        | 57.477,03 €  | 47.897,52 €  | 30.901,64 € Concello de Poio  |
| 2023        | 127.932,76 € | 106.610,62 € |   |
| Total       | 185.409,79 € | 154.508,14 € |   |

- Cómpre precisar que para o novo proxecto técnico xa se conta coa aprobación por parte do Concello xunto a pertinente acta de trazado previo. Así mesmo, indicar que a autorización sectorial de costas finalmente non foi necesaria ao estar os terreos incluídos na parcela cedida ao Concello mediante acta de data 26/11/2015, e non supoñer a obra a realizar unha alteración do volume da edificación.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable persoal facultativo do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 14/12/2022.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.  
Petición e evacuación de informes.
- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.  
Resolución do expediente
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.



- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe do persoal facultativo de Cooperación, de data 14/12/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/12/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto, e do informe favorable da intervención provincial, de data 01/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- a. Autorizar a substitución de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2022009949, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31713, do día 13/05/2022 polo que se concedía ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, unha subvención por importe de 154.508,14 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento de local para espazo coworking*”.
- b. O proxecto reformulado non altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros, mais supoñe un incremento no custe do investimento do 16,67%. Así, o orzamento da obra pasa a importar 185.409,79 €, a subvención da Deputación permanece invariable en 154.508,14 euros e o concello de Poio asume o financiamento de 30.901,65 euros. Desta forma, respecto do novo proxecto, a subvención concedida pola Deputación financia o 83,33332% do custe do investimento.
- c. Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, aos Servizo de Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.32225.- INICIO DA PERDA DO DEREITO DE COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE PONTECESURES NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021, LIÑA 2, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “CONTRATACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DE LEVANTAMENTOS TOPOGRÁFICOS” (Expte.2021009089)

#### Antecedentes

Primeiro.- As Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021 aprobadas polo pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 15/12/2020, e publicadas no BOPPO núm.1 de data 04/01/2021, dispoñen na base vixésimo primeira que o prazo para a xustificación do gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. é ata o 31/03/2022. As Bases Reguladoras foron modificadas por acordo do pleno da Deputación de Pontevedra en sesión do día 12/02/2021, publicándose dita modificación no BOPPO núm.32 do día 17/02/2021.





Segundo.- Ao Concello de Pontecesures, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 4.30241, de data 30/04/2021, se lle concedeu unha subvención, por importe de 4.343,90 euros co obxecto do financiamento da actividade “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.:2021009089), con cargo ao Plan Concellos 2021.

Terceiro.- Rematado o prazo de xustificación, non consta entrada na sede electrónica da documentación que acredite a realización do gasto.

Cuarto.- Remitida, formalmente, comunicación coa indicación expresa do inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro á subvención concedida co obxecto do financiamento da actividade ““*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.:2021009089), o Concello de Pontecesures non achega a documentación xustificativa do gasto realizado nin formula ningún tipo de alegación.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RS 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos 2021.
- Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia.
- Lei de contratos do sector público 9/2017, de 8 de novembro.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCION DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación das expedientes.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

## DA CAUSA DA PERDA DE SUBVENCIÓN

- Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2021 que sinala como obrigas do beneficiarios das subvencións a de realizar as actuacións que fundamentan a concesión das mesmas nos prazos sinalados nas referidas Bases, engadindo que o incumprimento destas obrigas será causa de reintegro.
- Base Reguladora 21ª do Plan Concellos 2021, que di que “Todas as finalidades subvencionadas deben xustificarse totalmente nos prazos sinalados segundo a natureza das distintas liñas da subvención, conforme se dispón nestas bases. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar a perda do dereito ao cobro de subvención correspondente.”
- Artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro, que establece como obrigas dos beneficiarios no punto 1.b) o de xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión.
- Artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que engade que é acto obrigatorio do beneficiario o da xustificación, e que “o incumprimento da obriga da xustificación da subvención nos termos establecidos, ou a xustificación insuficiente da mesma levará aparellado o reintegro nas condicións previstas no artigo 37.
- Artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias a de realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación.
- Artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións, o incumprimento do prazo de xustificación da lugar á perda do dereito de cobro, ou o reintegro se houberse pagamento anticipado.
- Artigo 29 da mesma Ordenanza, se as causas de reintegro ou perda do dereito ao cobro se producen no momento anterior ao pagamento, dará lugar a perda total ou parcial do dereito a cobrar a subvención.

## DO PROCEDEMENTO PARA DECLARAR A PERDA DO DEREITO A COBRO

- Artigo 20 da Ordenanza Xeral de Subvencións, sinala que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro de subvención será o regulado na normativa de subvencións e no réxime xurídico xeral, debendo cumprir os seguintes trámites: a) Acordo de inicio; b) Notificación con alegacións e reclamacións; c) Resolución de alegacións, se as houberse, e acordo definitivo; d) Notificación con indicación de recursos.



### III.- MOTIVACIÓN DA REGULACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

- O artigo 29 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LCACAP) dispón que os termos e prazos establecidos en este ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos. A Lei establece a obrigatoriedade dos termos e dos prazos como unha ferramenta para garantir unha eficiente e eficaz xestión dos asuntos públicos e o cumprimento dos trámites do procedemento.
- O artigo 8.3 da LXS sinala como principios da xestión das subvencións os de igualdade, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante, e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/02/2023, e a conformidade da intervención provincial, de data 06/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito a cobrar á subvención concedida, ao *Concello de Pontecesures*, CIF:P3604400F, por importe de 4.343,90 € co obxecto do financiamento do investimento “*Contratación asistencia técnica para a contratación de levantamentos topográficos*” (Expte.:2021009089), cun orzamento polo mesmo importe, por incumprimento das condicións relativa á xustificación.
- Conceder un prazo de quince días hábiles para que o interesado poida realizar cantas alegacións estime oportunas. No caso de non se realizar alegacións e transcorrido dito prazo dítarase polo órgano competente a resolución que proceda.
- Darlle Traslado da presente resolución ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

19.32226.- ACEPTACIÓN DA DESISTENCIA E DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “EMBELECEMENTO DE ESPAZOS MUNICIPAIS” AO ABEIRO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS 2021 (Expte. 2021017159)

Antecedentes:

- Visto o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.30408, de 14/06/2021, pola que se concedía ao Concello de Salceda de Caselas, no marco do Plan Concellos 2021-Liña 2, unha subvención, por importe de 7.500,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*Embelecemento de espazos municipais*” (Expte.:2021017159), cun orzamento polo mesmo importe.



- Visto que de acordo co recollido na base vixésimo primeira do Plan Concellos 2021, as actuacións financiadas con cargo a liña de Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. debían estar xustificadas na súa totalidade a 31 de marzo de 2022.
- Visto que rematado o prazo de xustificación arriba referido, o Concello de Salceda de Caselas non achega a documentación xustificativa do gasto realizado en relación á actuación “*Embelecemento de espazos municipais*” (Expte.:2021017159).
- Vista o escrito presentado polo Concello de Salceda de Caselas núm. WEB2022028667, de 5 de maio de 2022, do seguinte teor literal:  
*“En, Verónica Tourón Domínguez alcaldesa do concello de Salceda de Caselas comunico a Deputación de Pontevedra que as actuacións relacionadas coa subvención solicitada polo concello de Salceda para o proxecto “Embelecemento de Espazos Municipais” non foron finalmente realizadas e polo tanto non se pode xustificar dita subvención solicitada. E para que así conste asíno en Salceda de Caselas a 05 de maio de 2022”*
- Atendendo ao escrito arriba presentado en prazo, e visto os artigos 82.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e artigo 75 do Real Decreto 887/2003, do 21 de xullo (LXS), deuse por cumprido o trámite de alegacións por canto o Concello interesado fixo o informe no que consideran acaído o seu dereito, resultando cumprido o principio de audiencia sen xerarse indefensión algunha.
- Visto o artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón no seu punto 1, que todo interesado poderá desistir das súas solicitudes ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, establecendo no seu punto 4 que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluído o procedemento.
- Examinados os antecedentes arriba expostos e a motivación legal, informase do PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN PERDA DEFINITIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS, para a realización da actuación “*Embelecemento de espazos municipais*” (Expte.:2021017159) con cargo ao Plan Concellos 2021-Liña 2.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

##### NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de Execución do Orzamento Provincial.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021-Liña 2

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 172 do ROF, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

## PROCEDENCIA DA PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN

- Artigos 30.2 da LXS e 28.2 da LSG, que indican que a xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e que o seu prazo ven determinado polas correspondentes bases reguladoras.
- Artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación que regula as causas que poden dar lugar o reintegro ou a perda do dereito a cobro das subvencións concedidas.
- Base 21ª do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 que relaciona os requisitos da xustificación, o seu prazo, e a documentación requirida.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/01/2023, e a conformidade da intervención provincial, de data 26/01/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a desistencia do *Concello de Salceda de Caselas*, CIF.:P3604900E, á subvención concedida no marco Plan Concellos 2021, por importe de 7.500,00 €, co obxecto do financiamento da actuación “*Embelecemento de espazos municipais*” (Expte.2021017159), cun orzamento polo mesmo importe.
- Declarar concluso o expediente e proceder ó seu arquivo.
- Declarar a perda definitiva do dereito ao cobro á subvención concedida mencionada.
- Desafectar o crédito por importe total de 7.500,00 € mediante os correspondentes documentos contables.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



20.32227.- PRESTAR CONFORMIDADE AO PROXECTO MODIFICADO RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA RONDA DE DON BOSCO” (Expte.2019056056)

I. Antecedentes:

- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.28425 de 29/11/2019 aprobouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto de “*Humanización da rúa Ronda de Don Bosco*”.

O importe total do convenio ascende a 1.516.983,51€ (orçamento de adjudicación) e distribúese entre ambas administracións de acordo cos seguintes importes:

|                          | Ano 2019      | Ano 2020   | Total         |
|--------------------------|---------------|------------|---------------|
| Deputación de Pontevedra | 900.000,00€   | 0,00€      | 900.000,00€   |
| Concello de Vigo         | 600.000,00€   | 16.983,51€ | 616.983,51€   |
| Total                    | 1.500.000,00€ | 16.983,51€ | 1.516.983,51€ |

- O 20/12/2019 asinouse o dito Convenio co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. A concesión da subvención publicouse no BOPPO núm. 5 de 09/01/2020.
- Na data 08/07/2021 o Concello presenta no Rexistro da Deputación Provincial (núm. Rexistro 2021016897) a documentación xustificativa da totalidade da actuación, entre a que achega un proxecto modificado de data 01/03/2021 e o correspondente acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local de data 08/04/2021.  
O modificado xurde pola necesidade de engadir as obras necesarias non recollidas no proxecto que resulta preciso executar, así como melloras ás mesmas consideradas necesarias: desplome de árbores no xardín de Ronda de Don Bosco; execución temporal do acabado superficial da pavimentación; ubicación grupo escultórico; modificación do entramado das pérgolas para adaptación as novas árbores.
- O orzamento de adjudicación do proxecto modificado ascende a 1.869.319,87€, o que supón un incremento do 23,23% (352.336,36€) sobre o orzamento de adjudicación inicial. O dito incremento financiarase polo Concello de Vigo, tal como se recolle no citado acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local de data 08/04/2021.
- Na data 02/02/2023 o facultativo técnico do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión favorable do proxecto modificado (CSV: GCDUU4Z3TS79HR06) e a xefa do Servizo de Cooperación emite informe favorable (CSV: COK9XO8EZ69TFQZV).
- Así mesmo, o día 06/02/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable (CSV: 2ND50VS4VVSXH0ONT).



## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

### RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto de “Humanización da rúa Ronda de Don Bosco”.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.



- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Pacto 5º do Convenio, relativo ás modificacións dos proxectos.

#### Competencia para resolver

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2.c) de execución do orzamento provincial, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

### III. CONCLUSIÓNS

A modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto de “*Humanización da rúa Ronda de Don Bosco*” non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de engadir as obras necesarias non recollidas no proxecto que resulta preciso executar, así como melloras ás mesmas consideradas necesarias.

O orzamento de adxudicación do proxecto modificado ascende a 1.869.319,87€, o que supón un incremento do 23,23% (352.336,36€) sobre o orzamento de adxudicación inicial. O dito incremento financiarase polo Concello de Vigo, tal como se recolle no dito acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local de data 08/04/2021.

O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras recollidas no convenio de colaboración e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.





Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, e os informes favorables do facultativo técnico de Cooperación, da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade á modificación do proxecto técnico das obras ao abeiro do Convenio de colaboración entre o *Concello de Vigo* e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto de “*Humanización da rúa Ronda de Don Bosco*”.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

21.32228.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS – VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050”. (Expte.2022071451)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-8004 Caldas - Vilanoviña, que é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable que transcorre polos concellos de Meis, Portas, Vilanova de Arousa e Caldas de Reis.

Actualmente o treito da estrada obxecto da actuación presenta problemas de seguridade viaria e mobilidade peonil debido á falta de sendas ou beirarrúas para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, que prexudican as condicións de mobilidade dos mesmos. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide, mediante a execución do proxecto de referencia, realizar unha actuación consistente na mellora da mobilidade peonil no treito da estrada, creando un itinerario peonil mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado, de ancho mínimo 2,50 metros e ao mesmo nivel da calzada, na marxe esquerda da estrada provincial EP-8004 (Paradela), entre os PP.QQ. 7+650 e 8+050. Contéplase ademais das obras de pavimentación da senda, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais. Disporanse ademais elementos de alumeadado público e inclúese a maiores a renovación da sinalización no treito de actuación.

O resumo do orzamento das obras proxectadas, proxecto definitivo CSV 599QGZLM1PUE4RKH, é o seguinte:

|                                       |              |
|---------------------------------------|--------------|
| Execución material                    | 138.588,36 € |
| Presuposto base de licitación         | 164.920,15 € |
| Presuposto base de licitación con IVE | 199.553,38 € |



3. Constan no expediente os seguintes informes técnicos de 10 de xaneiro de 2023:

- Supervisión favorable do proxecto.
- xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre o grado de prioridade das obras.

4. Por Decreto da Alcaldía de 28 de decembro de 2022, o Concello aprobou o convenio obxecto deste informe-proposta.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.



- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

#### 4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

| Organismo                | Achega              | %          |
|--------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra | 159.642,70 €        | 80         |
| Concello de Meis         | 39.910,68 €         | 20         |
| <b>TOTAL OBRAS</b>       | <b>199.553,38 €</b> | <b>100</b> |

A Deputación financiará a súa achega, 159.642,70€ (80%), con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.

A achega municipal para o financiamento das obras (39.910,68 € /20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Meis.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

#### 5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8004 CALDAS – VILANOVIÑA, DO PQ. 7+650 AO PQ. 8+050”*  
*INTERVEÑEN*

*María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*A Sra. Marta Giráldez Barral, alcaldesa do Concello de Meis, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*O Sr. D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*



## MANIFESTAN

I.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 8004 Caldas – Vilanoviña, que transcorre polo Concello de Meis.*

VI.- *Actualmente o treito da estrada obxecto da actuación presenta problemas de seguridade viaria e mobilidade peonil debido á falta de sendas ou beirarrúas para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, que prexudican as condicións de mobilidade dos mesmos. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS – VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050.CONCELLO DE MEIS”.*

*A actuación consiste nunha mellora da mobilidade peonil no treito da estrada, creando un itinerario peonil mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado, de ancho mínimo 2,50 metros e ao mesmo nivel da calzada, na marxe esquerda da estrada provincial EP-8004 (Paradela), entre os PP.QQ. 7+650 e 8+050. Contémplase ademais das obras de pavimentación da senda, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais. Disporanse ademais elementos de alumado público e inclúese a maiores a renovación da sinalización no treito de actuación.*



VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución do proxecto de obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS –VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050.CONCELLO DE MEIS”

O obxecto principal do proxecto consiste na mellora da mobilidade peonil no treito da estrada, creando un itinerario peonil mediante a construción dunha senda peonil, de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda da estrada provincial EP-8004, entre os PP.QQ. 7+650 e 8+050. Contémplase ademais das obras de pavimentación da senda, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais. Disporanse ademais elementos de alumeadado público e inclúese a maiores a renovación da sinalización no treito de actuación.

#### Segunda.- Importe do convenio:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cento sesenta e catro mil novecentos vinte euros con quince céntimos (164.920,15 €), máis trinta e catro mil seiscientos trinta e tres euros con vinte e tres céntimos (34.633,23 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cento noventa e nove mil cincocentos cincuenta e tres euros con trinta e oito céntimos (199.553,38 €).

#### Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Meis mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

| Organismo                | Achega       | %   |
|--------------------------|--------------|-----|
| Deputación de Pontevedra | 159.642,70 € | 80  |
| Concello de Meis         | 39.910,68 €  | 20  |
| TOTAL INVESTIMENTO       | 199.553,38 € | 100 |

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Meis será de 39.910,68 € (20%) do importe das obras, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2023. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Meis.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



*De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.*

*Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.*

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello:*

*O Concello de Meis obrígase a:*

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Solicitar a transferencia dos viarios que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
  - Treito antigo de 334 m da estrada provincial E.P. 8004 Caldas - Vilanoviña, situado no punto quilométrico 8+000 marxe esquerda.**
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 e 3.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:*

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP – 8004 CALDAS –VILANOVIÑA, DO P.Q. 7+650 AO P.Q. 8+050.CONCELLO DE MEIS”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*





*Sétima.- Compensación de débedas:*

O Concello de Meis faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

*Oitava.- Comisión de seguimento e control.*

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

*Novena.- Vixencia do convenio:*

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía das obras. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

*Décima.- Resolución:*

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

*Undécima.- Normativa aplicable.*

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.
- E demais normativa de obrigado cumprimento.

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabeçamento.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra,  
María del Carmen Silva Rego,

Pola Concello de Meis,  
Marta Giráldez Barral,

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,  
Carlos Cuadrado Romay”





Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao *Concello de Meis* e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

22.32229.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP 4006) ENTRE A AVDA. DE ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA (CONCELLO DE PONTEAREAS)”. (Expte. 2022063139)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.
2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-4006, que transcorre polo *Concello de Pontearreas*.

É unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada nos concellos de Pontearreas, Salvaterra do Miño e as Neves. O treito urbano situado ao seu inicio, que configura a Av. Sarmiento Rivera, no Concello de Pontearreas, une a glorieta situada xunto a Casa do Concello, onde conflúen as rúas Concha Brei, Av. Galicia e Av. Rosalía de Castro coa glorieta na que conflúen as rúas Redondela e Pombas. Actualmente a Avd<sup>a</sup>. Sarmiento Rivera non posúe beirarrúas que garantan a accesibilidade. Por elo preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción de beirarrúas adecuadas para configurar itinerarios peonís continuos, prioritarios accesibles e seguros.

O resumo do orzamento das obras proxectadas – proxecto definitivo CVS MY68PT5X7TYVQ9UH- é o seguinte:

|                                       |              |
|---------------------------------------|--------------|
| Execución material                    | 437.824,56 € |
| Presuposto base de licitación         | 521.011,22€  |
| Presuposto base de licitación con IVE | 630.423,58€  |



3. Constan no expediente os seguintes informes técnicos de 10 de xaneiro de 2023:

- supervisión favorable do proxecto.
- xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre o grado de prioridade das obras.

4. Por Resolución da Alcaldía de 27 de decembro de 2022, o Concello aprobou o convenio obxecto deste informe-proposta.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.



- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

#### 4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

| Organismo                | Achega              | %          |
|--------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra | 441.296,51 €        | 70         |
| Concello de Pontearreas  | 189.127,07 €        | 30         |
| <b>TOTAL OBRAS</b>       | <b>630.423,58 €</b> | <b>100</b> |

A Deputación financiará a súa achega, 441.296,51€ (70%), con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.

A achega municipal para o financiamento das obras (189.127,07 € /30%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria financíase con *cargo á liña 1 do Plan Concellos 2023*.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

#### 5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta e Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AV.SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE A AV.DE ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA”*”

#### INTERVEÑEN

*María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Cristina Fernández Dávila, alcaldesa do Concello de Ponteareas, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*



## MANIFESTAN

I.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 4006 Pontearreas-As Neves, e concretamente do treito urbano (avenida Sarmiento Rivera), que transcorre polo Concello de Pontearreas.*

VI.- *A E.P. 4006 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada nos concellos de Pontearreas, Salvaterra do Miño e as Neves. O treito urbano situado ao seu inicio, que configura a Av. Sarmiento Rivera, no Concello de Pontearreas, une a glorieta situada xunto a Casa do Concello, onde conflúen as rúas Concha Brei, Av. Galicia e Av. Rosalía de Castro coa glorieta na que conflúen as rúas Redondela e Pombas.*

*Actualmente a Avd<sup>a</sup>. Sarmiento Rivera non posúe beirarrúas que garantan a accesibilidade. Por elo preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción de beirarrúas adecuadas para configurar itinerarios peonís continuos, accesibles e seguros, ao tempo que se resta prioridade ao espazo destinado ao tráfico rodado e se implantan medidas que permitan conseguir o calmado efectivo do mesmo.*



Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponteareas para a execución do "PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AV. SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE A AV. DE ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA".

O obxecto principal do proxecto consiste na mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil accesible no treito urbano ao inicio da estrada provincial.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios, tales como a implantación de pasos de peóns sobreelevados, a adecuación da iluminación, a dotación de sinalización horizontal e vertical e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

### Segunda.- Importe do convenio:

O importe o que se refire a presente actuación ascende a cincocentos vinte un mil once euros con vinte dous céntimos (521.011,22), máis cento nove mil catrocentos doce euros con trinta e seis céntimos (109.412,36 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de seiscentos trinta mil catrocentos vinte e tres euros con cincuenta e oito céntimos (630.423,58 €).

### Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Ponteareas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

| Organismo                | Achega       | %   |
|--------------------------|--------------|-----|
| Deputación de Pontevedra | 441.296,51 € | 70  |
| Concello de Ponteareas   | 189.127,07 € | 30  |
| TOTAL OBRAS              | 630.423,58 € | 100 |

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Ponteareas será de 189.127,07 € (30% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo da subvención do Plan Concellos 2023-liña 1, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Ponteareas.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



*De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.*

*Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.*

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello.*

*O Concello de Pontearreas obrígase a:*

- 1) Redactar o proxecto técnico para a execución das obras “Proxecto de humanización da Av. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Av. De Rosalía de Castro e a rúa Redondela”.*
- 2) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
  - Treito de 50 metros lineais da E.P. 4006 Pontearreas – As Neves, entre o P.Q. 0+000 e 0+050*
  - Treito antigo de 323 metros lineais, av. Sarmiento Rivera, situado no P.Q. 0+000 da estrada provincial E.P. 4006 Pontearreas – As Neves.**
- 5) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 3 e 4.*
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.*

  - 1) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e recepción das obras do proxecto técnico “Proxecto de humanización da Av. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre a Av. De Rosalía de Castro e a rúa Redondela”.*



- 2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima.- Compensación de débedas:*

*O Concello de Pontearreas faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*

*Oitava.- Comisión de seguimento e control.*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.*

*Novena.- Vixencia do convenio*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio*

*Décima.- Resolución.*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*

*Undécima.- Normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:*

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*





- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra de 2023*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento*

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,  
María del Carmen Silva Rego,  
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,  
Carlos Cuadrado Romay”*

*Polo Concello de Pontearreas,  
Cristina Fernández Dávila,  
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,  
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao Concello de Pontearreas e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

23.32230.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA EP 0405, DENDE O PQ 0+000 AO PQ 1+500”. (Expte. 2022059984)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0405 Xesteira - Alfofrei, que transcorre polo Concello de Cerdedo - Cotobade.

É unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada na súa integridade no concello de Cerdedo – Cotobade.



Preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dunha senda peonil dende o P.Q. 0+380 ata o final da estrada e dúas zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado.

O itinerario consta de 1.490 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de ancho mínimo na marxe esquerda da estrada, execución de zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado con prioridade peonil e maiores limitacións de velocidade, e unha mellora importante do sistema de drenaxe de augas pluviais con creación de cunetas de seguridade.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

O resumo do orzamento das obras proxectadas - Proxecto CSV W4GVSCLEVP1T8368 - é o seguinte:

|                                       |              |
|---------------------------------------|--------------|
| Execución material                    | 657.406,08€  |
| Presuposto base de licitación         | 782.313,23 € |
| Presuposto base de licitación con IVE | 946.599,01 € |

3. Constan no expediente os seguintes informes técnicos de 11 de xaneiro de 2023:

- supervisión favorable do proxecto
- xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre o grado de prioridade das obras

4. Por acordo do Pleno da Corporación municipal, adoptado en sesión de 29 de decembro de 2022, o Concello aprobou o convenio – Código de validación LLE7JW3XA2SZ3HRRDZWN2H - obxecto deste informe-proposta. Así mesmo o Pleno Municipal adquiriu o compromiso de financiación das achegas municipais con fondos propios.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

### 3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

### 4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

| Organismo                      | Achega              | %          |
|--------------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra       | 662.619,31 €        | 70         |
| Concello de Cerdedo - Cotobade | 283.979,70 €        | 30         |
| <b>TOTAL OBRAS</b>             | <b>946.599,01 €</b> | <b>100</b> |



As expropiacións necesarias para a realización das obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo - Cotobade:

| Organismo                      | Achega     | %   |
|--------------------------------|------------|-----|
| Concello de Cerdedo - Cotobade | 2.047,65 € | 100 |
| TOTAL EXPROPIACIÓNS            | 2.047,65 € | 100 |

A Deputación financiará a súa achega, 662.619,31 € (70%), con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02/

O importe do xustiprezo das expropiacións financiarase na súa totalidade polo Concello con cargo a fondos propios.

A achega municipal para o financiamento das obras (283.979,70 € /30%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria financíase con fondos propios, anualidade 2022.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRLE establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.



Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA EP-0405 (PQ 0+000 Ó PQ 1+500)”.*

#### INTERVEÑEN

*María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cerdedo - Cotobade, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*

#### MANIFESTAN

*I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora*



das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0405 Xesteira - Alfofrei, que transcorre polo Concello de Cerdedo - Cotobade.

VI.- A E.P. 0405 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable situada na súa integridade no concello de Cerdedo - Cotobade. Ao longo da estrada atopamos unha sección de plataforma moi irregular, sen beiravías ou beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dunha senda peonil dende o P.Q. 0+380 ata o final da estrada e dúas zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado.

O itinerario consta de 1.490 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de ancho mínimo na marxe esquerda da estrada, execución de zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado con prioridade peonil e maiores limitacións de velocidade, e unha mellora importante do sistema de drenaxe de augas pluviais con creación de cunetas de seguridade.

tales como a execución de muros para a ampliación da plataforma, a ampliación do marco sobre o rego das Longuiñas, a dotación de sinalización horizontal e vertical e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

## CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo - Cotobade para a execución do proxecto de obras de "ENSANCHE E MELLORA DA EP-0405 (PQ 0+000 Ó PQ 1+500). CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA".



O obxecto principal do proxecto consiste na mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dunha senda peonil dende o P.Q. 0+380 ata o final da estrada e dúas zonas de convivencia de tráfico peonil e rodado.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios, tales como a execución de muros para a ampliación da plataforma, a ampliación do marco sobre o rego das Longuiñas, a dotación de sinalización horizontal e vertical e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

*Segunda.- Importe do convenio.*

O importe o que se refire a presente actuación ascende a setecentos oitenta e dous mil trescentos trece euros con vinte e tres céntimos (782.313,23 €), máis cento sesenta e catro mil douscentos oitenta e cinco euros con setenta e oito céntimos (164.285,78 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de novecentos corenta e seis mil cincocentos noventa e nove euros e un céntimo (946.599,01 €).

*Terceira.- Financiamento.*

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cerdedo - Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

| Organismo                      | Achega              | %          |
|--------------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra       | 662.619,31 €        | 70         |
| Concello de Cerdedo - Cotobade | 283.979,70 €        | 30         |
| <b>TOTAL OBRAS</b>             | <b>946.599,01 €</b> | <b>100</b> |

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Cerdedo - Cotobade:

| Organismo                      | Achega            | %          |
|--------------------------------|-------------------|------------|
| Concello de Cerdedo - Cotobade | 2.047,65 €        | 100        |
| <b>TOTAL EXPROPIACIÓNS</b>     | <b>2.047,65 €</b> | <b>100</b> |

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Cerdedo - Cotobade será de 286.027,35€ (30% do importe das obras máis o importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante fondos propios.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación á formalización do convenio, en todo caso no primeiro trimestre do exercicio 2023.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



*De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.*

*Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.*

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello.*

*O Concello de Cerdedo - Cotobade obrígase a:*

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto, a maiores das expropiacións previstas. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 3 e 5.*
- 5) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:
  - E.P. 0405 A Xesteira – Almofrei*
  - Treito antigo de 134 metros lineais situado no pq. 4+630 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 0401 Carballedo - Caroi.*
  - Treito antigo de 185 metros lineais situado no pq. 7+290 (marxe esquerda) da estrada provincial E.P. 7101 Cerdedo – A Portela.**
- 6) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 7) Aboar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*





*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.*

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “ENSANCHE E MELLORA DA EP-0405 (PQ 0+000 Ó PQ 1+500). CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima.- Compensación de débedas*

*O Concello de Cerdedo - Cotobade faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*

*Oitava.- Comisión de seguimento e control.*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.*

*Novena.- Vixencia do convenio*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.*

*Décima.- Resolución.*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*



*Undécima.- Normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:*

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento*

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,*

*María del Carmen Silva Rego,*

*Polo Concello de Cerdedo - Cotobade,*

*Jorge Cubela López,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,*

*Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao Concello de Cerdedo-Cotobade e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e ao de Cooperación cos Concellos.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

24.32231.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE “ESTABLECEMENTO DE ITINERARIOS CONTINUOS CON IMPLANTACIÓN DE CORREDORES VERDES EN COVELO (OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA)” (Expte. 2021016814)

Antecedentes.

1. A Xunta de Goberno en sesión de 6 de agosto de 2021 adxudicoulle ao *Concello de Covelo* unha subvención por un importe máximo de 100.000 euros, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de 24 de febreiro de 2021.



Subvencionase a realización da actuación “*Establecemento de itinerarios continuos con implantación de corredores verdes en Covelo (Pontevedra)*”; proxecto redactado por Luciano Gonzalez Alfaya, asinado o 25/01/2021 e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 28 de xaneiro de 2021.

2. O *Concello de Covelo* aprobou dúas modificacións do proxecto con posterioridade á concesión da subvención por parte da Deputación e, en consecuencia, solicitou a modificación da Resolución de Concesión. Así mesmo presentou a documentación xustificativa da execución do investimento.

#### Consideracións:

1ª O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, validou e informou favorablemente as modificacións do proxecto ao respecto do cumprimento das Bases reguladoras da convocatoria das subvencións; informes de 04/10/2022 CSV:NB9NGNPVSD1L2G2 e de 24/10/2022 CSV:YQTM08OLC7ETWIXB.

O informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos o 4/10/2022 é do seguinte teor:

*O 16 de setembro de 2021 o Concello de Covelo presentou no Rexistro da Deputación de Pontevedra un certificado da secretaria-interventora de aprobación do Decreto de Alcaldía número 2021-0592. O citado decreto é unha exposición das motivacións que levaron á necesidade de modificación do proxecto presentado á Convocatoria de Subvencións para a redacción ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora.*

*Esta solicitude está amparada na base décimo oitava das Bases Reguladoras da convocatoria.*

*O 5 de agosto de 2022 o Concello presentou unha memoria explicativa do cumprimento dos obxectivos do Plan ÁGORA asinada polos arquitectos Patricia Muñiz Núñez e Luciano Alfaya Carro.*

*O 15 de setembro de 2022 o Concello presentou unha nova versión modificada do proxecto, na que non se modifica o ámbito, nin a distribución de usos do espazo público, sen incidencia nos parámetros de deseño aos que afecta esta liña de subvencións.*

#### Conclusión:

*Examinada a normativa vixente e a documentación remitida polo Concello de Covelo, faise constar que o proxecto construtivo entregado presenta de forma correcta a seguinte documentación:*



- *Datos identificativos do Proxecto: “Establecemento de itinerarios continuos con implantación de corredores verdes en Covelo”.*
- *Autores do proxecto modificado e data de redacción: Patricia Muñiz Núñez (arquitecta) e Luciano Alfaya Carro (arquitecto), setembro de 2.021 e Carlos Besada (arquitecto) no relativo ao modificado de xuño de 2.022.*
- *Prazo de execución da obra: 8 meses*
- *Documentación necesaria nos proxectos de obras segundo o art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.*
- *O proxecto redactouse de acordo con:*
  - *Os principios da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público.*
  - *Os criterios establecidos na Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable, editada pola Deputación de Pontevedra.*
  - *Os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas especificados no anexo I.*



- O proxecto cumpre os incrementos mínimos especificados para optar á subvención:
  - O incremento mínimo do espazo peonil no ámbito de actuación debe ser dun 50% con respecto ao existente na actualidade.
  - Os espazos gañados para as e os peóns terán unha superficie mínima de 300 metros cadrados.
- O proxecto modificado non supón variación algunha en ningún dos elementos suxeitos a puntuación xa que, tal e como se especifica no novo informe/certificado do técnico municipal, a superficie do espazo público gañada para as e os peóns no proxecto modificado é, como mínimo, a indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención.

Ámbito actual (modificado)

Ámbito proposto inicialmente



- Superficies peonís contempladas na solicitude inicial:  
 Ámbito de actuación: 3.132,50 m<sup>2</sup>  
 Superficie peonil previa ás actuacións: 703,58 m<sup>2</sup>  
 Superficie peonil prevista tralas obras: 1.722,99 m<sup>2</sup>  
 Incremento neto de superficie peonil: 1019,41 m<sup>2</sup>
- Superficies do proxecto modificado:  
 Ámbito de actuación: 2.789,00 m<sup>2</sup>  
 Superficie peonil previa ás actuacións: 615,08 m<sup>2</sup>  
 Superficie peonil prevista tralas obras: 1.634,49 m<sup>2</sup>  
 Incremento neto de superficie peonil: 1.019,41 m<sup>2</sup>

Por todo o anterior, emétese INFORME FAVORABLE de adecuación técnica do proxecto ós efectos de xustificación da subvención.

2ª O derradeiro parágrafo da base reguladora 14 preceptúa:

“Se durante a execución da obra xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar, de acordo co establecido na normativa de contratos, o modificado do proxecto, que deberá aprobalo o órgano competente do Concello. Os gastos nos que incorra o concello para a redacción do modificado non serán subvencionados. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará o modificado e, de ser o caso, prestará a súa aprobación, co fin de verificar que se seguen cumprindo os criterios que permitiron a concesión da subvención.



*No caso de que a modificación supoña un incremento do orzamento da obra, este incremento tamén poderá ser financiado con cargo ás baixas de adxudicación recollidas na base terceira. A subvención aplicarase ao importe total certificado da obra, incluídas as súas modificacións, cos límites establecidos na base reguladora terceira.”*

Conforme á base reguladora terceira o Concello poderá obter unha subvención máxima do 20 % do orzamento base de licitación das obras, ata un importe máximo de 100.000 €.

3ª Polo que atinxe á xustificación da execución da actuación:

- o Concello presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a *Redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.*, conforme á base décimo quinta.

- comprobouse formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

- revisadas as certificacións de obra polos Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, compróbase que estas ascenden a un total de 409.306,36 € (IVE incluído).

Así, de acordo coa base terceira, dado que os concellos poden obter unha subvención máxima de do 20% do orzamento base de licitación das obras ata un importe máximo de 100.000€, a contía definitiva da axuda ascende á 81.861,27€.

En base ao que antecede, logo do informe de fiscalización da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aprobación das modificación do proxecto conforme o informe de validación transcrito na consideración primeira.
- Continuar a tramitación do expediente para o recoñecemento da obriga e o ordenamento do pago polo órgano competente

25.32232.- APROBACIÓN DA 3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO, E.P. 9803” (Expte. 2021003954)

Antecedentes.

1. O 16 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o *Concello da Illa de Arousa* formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do “*Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803*”.



O 10 de decembro de 2021 formalizouse unha Addenda distribuíndose o financiamento das obras do seguinte xeito:

| ORGANISMO                  | ACHEGA           |              | FINANCIAMENTO                                   | %   | TOTAL          |
|----------------------------|------------------|--------------|---|-----|----------------|
| Deputación de Pontevedra   | 812.154,11 €     |              | Aplicación orzamentaria:<br>21/456 4530 612.02  | 70  | 812.154,11 €   |
| Concello da Illa de Arousa | Anualidade 2021: | 98.463,60 €  | Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2020 | 30  | 348.066,05 €   |
|                            |                  | 81.583,95 €  | Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2021 |     |                |
|                            | Anualidade 2022: | 168.018,50 € | Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2022 |     |                |
| TOTAL INVESTIMENTO         |                  |              |   | 100 | 1.160.220,16 € |

O 25 de novembro de 2022 formalizouse a segunda Addenda ao convenio estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

2. O 01/12/2022 o IDAE notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución Provisional de concesión dunha subvención por un importe máximo de 814.160,96 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). A axuda concedida polo IDAE foi aceptada pola presidenta da Deputación en data 22 de decembro de 2022.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda ten por obxecto reformular o financiamento previsto no convenio como consecuencia da concesión da axuda abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “*TERCEIRA ADDENDA PARA REFORMULAR O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO. EP 9803”.*”

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica*

#### INTERVENEN

*Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Dontra parte, Carlos Iglesias Cores, alcalde do Concello da Illa de Arousa actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 16 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa asinaron un convenio cuxo obxecto é establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803 , modificado por Addendas de 10 de decembro de 2021 e de 25 de novembro de 2022.*

*II.- O 01/12/2022 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía ( IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución Provisional de concesión dunha subvención por un importe máximo de 814.160,96 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). A axuda concedida polo IDAE foi aceptada pola presidenta da Deputación en data 22 de decembro de 2022.*



III.-Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70 % pola Deputación e o 30 % por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.”

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa para a execución do proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803, quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 2023/456.4530.612.02/2021 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada polo IDAE.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Resolución do IDAE de concesión de axuda, notificada á Deputación o 1 de decembro de 2022 e aceptada o 22 de decembro de 2022 pola Deputación, e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

| ORGANISMO                  | IMPORTE ACHEGA | FINANCIAMENTO   | %     | TOTAL          |
|----------------------------|----------------|---|-------|----------------|
| Deputación de Pontevedra   | 242.241,44 €   | Aplicación 2023/456.4530.612.02/2021  | 20,88 | 242.241,44 €   |
| Concello da Illa de Arousa | 98.463,60 €    | Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2020   | 8,95  | 103.817,76 €   |
|                            | 5.354,76 €     | Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2021   |       |                |
| IDAE                       | 814.160,96 €   | Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 | 70,17 | 814.160,96 €   |
| TOTAL INVESTIMENTO         |                |   | 100   | 1.160.220,16 € |





*O importe achegado no seu día polo Concello da Illa de Arousa procedente do Plan Concellos 2021 e 2022/2023 e non utilizado na financiación deste proxecto debido á subvención do IDAE, 244.248,29 €, poderá destinarse a outras finalidades do Concello, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023.*

*De reaxustarse o importe da axuda concedida polo IDAE, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello da Illa de Arousa.*

*Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.*

*SEGUNDO. - As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente ás aplicacións orzamentarias.*

*Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.*

*TERCEIRO.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.*

*CUARTO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 16 de xullo de 2021 modificado por Addendas do 10 de decembro de 2021 e do 25 de novembro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.*

*A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,  
D<sup>a</sup>. María del Carmen Silva Rego,*

*O alcalde do Concello da Illa de Arousa,  
Carlos Iglesias Cores,*

*O secretario xeral da Deputación  
Carlos Cuadrado Romay*

*Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.*

*Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Illa de Arousa, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.*



26.32233.- APROBACIÓN DE ACTUACIONES AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA CON CARGO AO PROGRAMA MUSIGAL 2023 (Expte.2022074224)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 23 de decembro de 2022, aprobou as bases reguladoras para a solicitude de actuacións con cargo ao *Programa Musigal 2023*, que se publicaron no BOPPO núm. 246 de 27 de decembro de 2022.

Poden beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Os concellos tiñan de prazo desde o 9 de xaneiro ata o 25 de xaneiro de 2023 para presentar solicitudes de actuacións con cargo a dito programa.

Os concellos da provincia presentan as correspondentes solicitudes de actuacións ata o 25 de xaneiro de 2023 e de acordo co establecido nas bases, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as actuacións que terán lugar naqueles concellos da provincia de Pontevedra que presentaron a súa solicitude con cargo ao *Programa Musigal 2023* e que a continuación se relacionan:

| Pref. | Concello                         | Grupo                              | Data actuación | Total       |
|-------|----------------------------------|------------------------------------|----------------|-------------|
| 1     | CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA | TREIXADURA                         | 13/08/2023     | 11.495,00 € |
| 1     | CONCELLO DE CAMBADOS             | LUAR NA LUBRE                      | 02/08/2023     | 12.100,00 € |
| 1     | CONCELLO DE CATOIRA              | DAKIDARRÍA                         | 05/08/2023     | 11.495,00 € |
| 1     | CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS   | XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE | 15/07/2023     | 11.616,00 € |
| 1     | CONCELLO DE TUI                  | TREIXADURA                         | 09/04/2023     | 11.495,00 € |
| 1     | CONCELLO DE DOZON                | JUAN PARDO TRIBUTO                 | 04/06/2023     | 13.310,00 € |
| 1     | CONCELLO DE RIBADUMIA            | LUAR NA LUBRE                      | 17/05/2023     | 12.100,00 € |
| 1     | CONCELLO DE MOS                  | JUAN PARDO TRIBUTO                 | 16/04/2023     | 13.310,00 € |
| 1     | CONCELLO DE MEIS                 | XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE | 09/07/2023     | 11.616,00 € |
| 1     | CONCELLO DE POIO                 | TREIXADURA                         | 29/04/2023     | 11.495,00 € |
| 1     | CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA   | DE VACAS                           | 08/04/2023     | 5.445,00 €  |
| 1     | CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA     | ORTIGA E PILI PAMPÍN               | 20/05/2023     | 12.100,00 € |
| 1     | CONCELLO DE ARBO                 | MARIA DO CEO                       | 23/04/2023     | 7.260,00 €  |
| 1     | CONCELLO DE TOMIÑO               | XOSE LOIS ROMERO E ALIBORIA        | 15/07/2023     | 7.260,00 €  |
| 1     | CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO   | ORQUESTRA FOLK SONDESEU            | 26/08/2023     | 14.997,95 € |
| 1     | CONCELLO DE COVELO               | MILLADOIRO                         | 25/07/2023     | 13.915,00 € |



|   |                                   |                                       |            |             |
|---|-----------------------------------|---------------------------------------|------------|-------------|
| 1 | CONCELLO DE NIGRAN                | SUSANA SEIVANE                        | 14/08/2023 | 10.300,00 € |
| 1 | CONCELLO DE RODEIRO               | XABIER DÍAZ E<br>ADUFEIRAS DE SALITRE | 28/07/2023 | 11.616,00 € |
| 1 | CONCELLO DE SANXENXO              | BUDIÑO                                | 24/07/2023 | 12.947,00 € |
| 1 | CONCELLO DE PONTE-<br>CALDELAS    | LEILÍA                                | 27/08/2023 | 7.260,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE FORCAREI              | SÉS                                   | 29/04/2023 | 12.100,00 € |
| 1 | CONCELLO DE AGOLADA               | LUCÍA PÉREZ                           | 12/08/2023 | 11.550,00 € |
| 1 | CONCELLO DE CAMPO<br>LAMEIRO      | ROI CASAL                             | 03/09/2023 | 13.310,00 € |
| 1 | CONCELLO DE<br>GONDOMAR           | SÉS                                   | 22/07/2023 | 12.100,00 € |
| 1 | CONCELLO DE VALGA                 | SÉS                                   | 01/07/2023 | 12.100,00 € |
| 1 | CONCELLO DE FORNELOS<br>DE MONTES | ANXO LORENZO                          | 05/08/2023 | 8.400,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE PORTAS                | ROI CASAL                             | 20/05/2023 | 13.310,00 € |
| 1 | CONCELLO DO ROSAL                 | UXÍA&JAVIER RUIBAL                    | 23/07/2023 | 9.680,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE BAIONA                | XISCO FEIJOO                          | 17/05/2023 | 11.132,00 € |
| 1 | CONCELLO DE LALÍN                 | ROI CASAL                             | 19/05/2023 | 13.310,00 € |
| 1 | CONCELLO DE<br>REDONDELA          | BUDIÑO                                | 14/05/2023 | 12.947,00 € |
| 2 | CONCELLO DE VILABOA               | CAAMAÑO&AMEIXEIRAS                    | 07/05/2023 | 2.420,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE A ESTRADA             | MONOULIOUS DOP                        | 26/06/2023 | 4.840,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE O GROVE               | A BANDA DA LOBA                       | 25/07/2023 | 3.448,50 €  |
| 2 | CONCELLO DE SILLEDA               | ANXO LORENZO                          | 22/04/2023 | 8.400,00 €  |
| 2 | CONCELLO DO PORRIÑO               | ANXO LORENZO                          | 13/05/2023 | 8.400,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE OIA                   | A BANDA DA BALBINA                    | 24/09/2023 | 2.420,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE<br>PONTEAREAS         | FAMILIA CAAMAGNO                      | 10/09/2023 | 4.840,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE MONDARIZ              | FILLAS DE CASSANDRA                   | 14/08/2023 | 1.936,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE MARÍN                 | MARIA DO CEO                          | 08/09/2023 | 7.260,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE CALDAS DE<br>REIS     | UXÍA LAMBONA E A<br>BANDA MOLONA      | 29/07/2023 | 2.662,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE A CAÑIZA              | MARIA DO CEO                          | 12/08/2023 | 7.260,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE<br>SOUTOMAIOR         | A GRAMOLA GOMINOLA                    | 17/05/2023 | 2.360,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE BARRO                 | PELEPAU SINFÓNICO                     | 18/06/2023 | 8.400,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE MORAÑA                | PELEPAU SINFÓNICO                     | 30/07/2023 | 8.400,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE CERDEDO-<br>COTOBADE  | LAROÁ                                 | 16/06/2023 | 7.510,00 €  |
| 1 | CONCELLO DAS NEVES                | A RODA                                | 07/04/2023 | 6.000,00 €  |
| 2 | CONCELLO DE MOAÑA                 | CAAMAÑO&AMEIXEIRAS                    | 28/07/2023 | 2.420,00 €  |
| 1 | CONCELLO DE MEAÑO                 | XOSE LOIS ROMERO E<br>ALIBORIA        | 12/08/2023 | 7.260,00 €  |



|   |                                |                                    |            |              |
|---|--------------------------------|------------------------------------|------------|--------------|
| 1 | CONCELLO MONDARIZ<br>BALNEARIO | SANTANA SWING                      | 29/07/2023 | 2.200,00 €   |
| 1 | CONCELLO DE A GUARDA           | LAROÁ                              | 08/07/2023 | 7.510,00 €   |
| 2 | CONCELLO DE CANGAS             | UXÍA LAMBONA E A<br>BANDA MOLONA   | 29/08/2023 | 2.662,00 €   |
| 2 | CONCELLO VILA DE<br>CRUCES     | A RODA                             | 20/05/2023 | 6.000,00 €   |
| 1 | CONCELLO DE BUEU               | XOSE LOIS ROMERO E<br>ALIBORIA     | 16/05/2023 | 7.260,00 €   |
| 1 | CONCELLO DE CUNTIS             | ODAIKO                             | 15/08/2023 | 8.400,00 €   |
| 2 | CONCELLO DE<br>PONTECESURES    | WÖYZA & THE GALICIAN<br>MESSENGERS | 30/06/2023 | 7.562,50 €   |
| 2 | CONCELLO DE CRECENTE           | EREA CASTRO                        | 05/08/2023 | 5.626,50 €   |
| 1 | CONCELLO DE PAZOS DE<br>BORBEN | A GRAMOLA GOMINOLA                 | 27/08/2023 | 2.360,00 €   |
|   |                                |                                    |            | 498.889,45 € |

27.32234.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “DESAPRAZAMENTO CULTURAL DA CORAL “ALBORADA” DA AVCD DE CABRAL”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte.2022020633)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Veciñal Cultural e Deportiva de Cabral* con CIF: G-36.651.073, do *concello de Vigo*, por un importe de 1.387,88 €, para o “*Desaprazamento cultural da coral “Alborada” da AVCD de Cabral*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 26/01/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

28.32235.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DE THE WILD DO CONCELLO DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O “THE WILD 2022”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte. 2022025047)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 17/06/2022 unha subvención a favor da *Asociación THE WILD*, con CIF: G-27.867.076, do *Concello de Vigo*, por un importe de 3.510,23 €, para o “*The Wild 2022*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 23/01/2023 da citada entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



29.32236.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. OS DEVANCEIROS DO MAR DO CONCELLO DE MOAÑA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “EXPOSICIÓN “OS DÍAS DO MAR””, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte.20022018025)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Devanceiros do Mar*, con CIF: G-94.202.413, do *concello de Moaña*, por un importe de 79,40 €, para a “Exposición “*Os días do Mar*” no *concello de Moaña*” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 26/01/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.32237.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL ACORDEONISTAS ESTRADENSES DO CONCELLO DA ESTRADA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “1º FESTIVAL DE ACORDEÓNS “MÚSICA NO CAMIÑO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 08/07/2022 (Expte. 2022015181)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 08/07/2022 unha subvención a favor da *Asoc. Cultural Acordeonistas Estradenses*, con CIF: G-94.114.881, do *Concello da Estrada*, por un importe de 1.047,46 €, para o “1º Festival de acordeóns “*Música no Camiño*”” con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 20/01/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.32238.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB TENIS DE MESA MONTEPORREIRO POR “XXIII TORNEO INTERNACIONAL TENIS DE MESA MONTEPORREIRO”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022. (Expte.2022021046)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor de *Tenis de Mesa Monteporreiro*, con NIF: G36376630, do *concello de Pontevedra*, por un importe de 503,91 €, para “*XXIII Torneo Internacional Tenis de Mesa Monteporreiro*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023005708 con data 02/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado que o torneo non se celebrou no ano 2022 senón no ano 2023, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



32.32239.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023006854, que contén 22 facturas e por un importe de 12.205,50€, e con CSV: Y393PJ3ZQ2N0RX5L, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/02/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|   |             |
|---|-------------|
| Importe total .....                             | 12.329,03 € |
| Descontos do IRPF.....                          | 123,53 €    |
| Descontos do IVE soportado deducible .....      | 0,00 €      |
| Descontos do honorarios técnicos externos ..... | 0,00 €      |
| Outros descontos .....                          | 0,00 €      |
| Total líquido .....                             | 12.205,50 € |

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2023006858, que contén 10 facturas e por un importe de 28.565,88€ e con CSV: NVA1M40XQE48X2F1, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/02/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|  |             |
|--|-------------|
| Importe total.....                             | 26.114,25 € |
| Descontos do IRPF.....                         | 0,00 €      |
| Descontos do IVE soportado deducible.....      | 2.451,63 €  |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 €      |
| Outros descontos.....                          | 0,00 €      |
| Total líquido.....                             | 28.565,88€  |

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



**33.32240.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2023006852)**

Vista a relación de facturas con número 2023006852, que contén 1 factura e por un importe de 2.936,20 € e con CSV: QJJ8J9TOEC81KCRP, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/02/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|   |            |
|---|------------|
| Importe total .....                             | 3.351,70 € |
| Descontos do IRPF.....                          | 415,50 €   |
| Descontos do IVE soportado deducible .....      | 0,00 €     |
| Descontos do honorarios técnicos externos ..... | 0,00 €     |
| Outros descontos .....                          | 0,00 €     |
| Total líquido .....                             | 2.936,20 € |

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

**34.32241.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE NIGRÁN (Expte. 2022065618)**

Dada conta que con data de rexistro 22/07/2022 (rex. núm. WEB2022041354), o Concello de Nigrán trasladou a esta Deputación expediente de responsabilidade patrimonial, por tratarse dunha estrada de titularidade provincial, seguido perante o citado Concello a instancia de D<sup>a</sup>. Ermitas Pérez Rey, por danos no seu vehículo, que se atopaba estacionado no recinto do CEIP Carlos Casares, pegado ó valo que limita coa rúa Padres Franciscanos, producidos segundo manifesta, a consecuencia das obras de asfaltado realizadas o día 19/04/2022, que causaron danos consistentes nun pulverizado por toda a superficie do vehículo, perceptible ó tacto, e que foron cuantificados economicamente en 481,47 €.

Resultando.- Que con data 03/11/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 16/11/2022, co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- O sinistro localízase na E.P. 2107 A Ramallosa-Parada a Vilaríño, na marxe esquerda do p.q. 0+810. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.*



SEGUNDO.- O día do suceso (19 de abril de 2022), estábanse a executar nesa estrada as obras do Plan Móvese III, promovidas pola Deputación Provincial.

A empresa contratada para a execución de ditos traballos á Taboada e Ramos, S.A.

María Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais \_\_\_\_\_

Resultando.- Que con data 18/11/2022, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á empresa Taboada y Ramos, S.L. para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito de alegacións na data 30/11/2022 co seguinte contido:

*(...) En el caso que nos ocupa no concurren los elementos exigidos por la normativa y jurisprudencia para considerar la responsabilidad patrimonial de la Administración, por lo que no puede estimarse la pretensión planteada en la reclamación presentada. En el supuesto que nos ocupa no concurren los requisitos exigidos por la normativa y la jurisprudencia para la responsabilidad patrimonial (...)*

*Corresponde a la parte reclamante la carga de la prueba sobre las cuestiones de hecho determinantes de la existencia, de la antijuridicidad, del alcance y de la valoración económica de la lesión, así como el sustrato fáctico de la relación de causalidad que permita la imputación de la responsabilidad a la Administración.*

*No acredita la parte reclamante que los daños cuyo coste se reclama deriven de la actividad que se estaba desarrollando en la vía (...) Es decir, la reclamación presentada se limita a atribuir los daños a las actividades de asfaltado que se estaban realizando en la vía en la fecha 19 de abril de 2022 sin acreditar, en modo alguno, que los daños reclamados se deriven de dicha actividad objeto de reclamación (...)*

*No ha quedado acreditada la existencia de nexo causal entre los supuestos daños existentes en el vehículo y el funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos.*

*En los términos anteriormente expuestos, corresponde a la parte reclamante acreditar la existencia, alcance y valoración económica de la lesión, así como del sustrato fáctico de la relación de causalidad entre dicha lesión y el funcionamiento de los servicios públicos.*

*De conformidad con la jurisprudencia de nuestros Tribunales, es esencial para la determinación de la responsabilidad patrimonial de la Administración, por muy objetiva que ésta sea, la contemplación de un nexo causal, como relación entre el acto y el daño, prescindiendo de la licitud o ilicitud de la Administración autora del daño, siempre que la actuación se produzca dentro de sus funciones propias.*

*Es decir, es esencial la concurrencia del nexo causal para la procedencia de la reclamación patrimonial, cuyo sustrato fáctico debe quedar acreditado por la reclamante.*





*Pues bien, en el supuesto que nos ocupa, en que se reclaman los daños supuestamente producidos como consecuencia de las labores de asfaltado que se estaban realizando en la carretera, imputándose a la Administración el funcionamiento anormal de un servicio público, el nexo causal ha de establecerse.*

*Ello implica que el daño o lesión debe ser consecuencia del funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos, en una relación directa e inmediata de causa y efecto, sin intervención de elementos extraños que pudieran influir alterando el nexo causal.*

*Sin embargo, la parte recurrente no acredita la existencia de dicho nexo causal. Así pues, no acredita la recurrente que los daños se produjeran en dicha fecha y como consecuencia de la referida obra, toda vez que no puso en conocimiento de esta entidad la existencia de los daños que reclama, ni ese mismo día ni en días próximos, ni tampoco en conocimiento de alguna autoridad, Guardia Civil o Policía Local, con el objeto de que se levantase el correspondiente atestado.*

*Esta entidad no tuvo conocimiento de los supuestos daños hasta la recepción de la presente notificación de reclamación de responsabilidad patrimonial, por lo que, en ausencia de prueba alguna, salvo las meras afirmaciones del reclamante, los daños pudieron haber tenido lugar en otro lugar y fecha distintos a los indicados por la reclamante.*

*En conclusión, no queda acreditada la existencia de relación o nexo causal entre el funcionamiento normal o anormal de los servicios públicos y los daños reclamados, por lo que no procede asunción de responsabilidad alguna por parte de esta entidad pues no concurre la relación de causalidad necesaria para determinar la existencia del necesario nexo causal entre la ejecución de la obra y los daños sufridos por la reclamante.*

*Fdo. Ana Isabel Taboada Ramos*

*Construcciones y Obras Taboada Ramos, S.L.U.*

Resultando.- Que, mediante Resolución Presidencial nº RP2022008670, de data 02/12/2022, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería proponer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, atestado policial ou calquera outro medio probatorio válido en dereito que permitira constatar a veracidade do relatado, ó non constar ningunha proba dos feitos no expediente salvo a súa declaración de parte, e podendo tomarse declaración, se fora do seu interese propoñelas, ás testemuñas que, segundo o relatado na instancia, presenciaron os feitos.

Resultando.- Que con data 10/12/2022, a interesada presenta escrito no que expón o seguinte:

*O día 19/04/2022, ás 8:30 h estacionei o meu vehículo na praza que tiña adxudicada para ese curso escolar dentro do recinto do CEIP Carlos Casares. Permaneceu na praza ata as 14:30 h. A miña praza está pegada ao valo que limita coa rúa PP Franciscanos, nº 40, no tramo asfaltado ese día. O documento “Certificación da dirección do centro” así o acredita.*

*Ese mesmo día, ó volver ó centro pola tarde activei o limpiaparabrisas e percibín como se tivera areas. Ao chegar estaba un grupo de compañeiras no patio e comenteino con elas. Na exploración visual non era moi evidente, pero ao tacto era evidente que toda a superficie estaba recuberta dun pulverizado. Inmediatamente relacionámolo co asfaltado desa mañá. O documento “declaración de testigos” así o acredita.*



*Covsa: ningunha persoa da empresa se dirixiu ao centro para advertir da conveniencia de retirar os coches próximos á zona do asfaltado, ademais era unha mañá ventosa. Pola tarde, ante o descoñecemento do nome da empresa executora da obra pensei en reclamar ao Concello de Nigrán. O día 22/04/2022 presentei unha reclamación no Concello de Nigrán e o día 26/04/2022 presentei documentación complementaria (fotos onde se ve a zona recién asfaltada e o vehículo no recinto escolar e un informe de Talleres Rodosa sobre os danos no vehículo) creo que é unha proba: coche a tres metros de zona asfaltada nun día ventoso. O responsable da obra non viu o perigo?*

*O día 22/07/2022 recibín a resolución do Concello de Nigrán, na que se me informou de que non se admitía e me informaban de que a empresa que realizou a obra é Covsa. O organismo contratante é a Deputación Provincial. Ese mesmo día trasladaban o expediente á Deputación de Pontevedra. Proba que eu coñecía o nome da empresa o 22 de xullo, e tamén que pasaba a reclamación ao organismo contratante de Covsa, a Deputación Provincial.*

*No mes de agosto, tras a peritación dos danos do vehículo por un perito do meu seguro, Mapfre, solicitei a súa reparación.*

*No mes de outubro púxenme en contacto coa Asesoría Xurídica da Deputación e enviei as probas que xa enviara ao Concello (as fotos e o informe de Talleres Rodosa).*

*A requirimento da Asesoría Xurídica o 7 de novembro remitín mais documentación para completar o expediente (certificado de non ter cobrado indemnización por este feito). Tamén enviei a factura de Talleres Rodosa.*

*Finalmente o día 02/12/2022 recibín a Resolución Presidencial co trámite: práctica de proba. Creo que con esta exposición e as probas que apporto debería ser suficiente para resolver favorablemente para min.*

Resultando.- Que xunto co citado escrito acompaña certificación da Directora do CEIP Carlos Casares, na que se recolle que D<sup>a</sup>. Ermitas Pérez Rey acudiu ó centro toda a xornada laboral do día dos feitos e que a praza de aparcamento adxudicada a esta profesora está situada ao lado do valo que limita coa rúa PP Franciscanos á altura da zona asfaltada.

Resultando.- Que achega, asemade, declaración asinada polas seguintes persoas: D<sup>a</sup>. Carmen Araújo Araújo (DNI \*\*\*9985\*\*), D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. Domínguez Santomé (DNI \*\*\*0007\*\*), D<sup>a</sup>. Natalia Vanesa Vargas González (DNI \*\*\*9375\*\*) e D<sup>a</sup>. Ana Burgo Manzano (DNI \*\*\*7032\*\*), co seguinte contido:

- 1. O martes, 19/04/2022, o vehículo propiedade de M<sup>a</sup>. Ermitas Pérez Rey estivo toda a xornada matinal estacionado na súa praza, localizada ao lado do valo do centro a uns 3 m da calzada no tramo que foi asfaltado esa mañá.*
- 2. Esa mesma tarde sobre as 16 h no patio do centro a nosa compañeira mostrounos o seu coche e poidemos comprobar co tacto, visualmente non era moi perceptible, que estaba recuberto dun pulverizado en toda a súa superficie.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1<sup>a</sup> do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- A empresa que estaba a executar as obras era Taboada e Ramos, S.A.
- A citada empresa alega no seu escrito o seguinte:
  - Non acredita a parte reclamante que os danos que reclama deriven da actividade que se estaba desenvolvendo na vía.
  - A reclamación presentada límitase a atribuír os danos ás actividades de asfaltado que se estaban a realizar na vía na data 19 de abril de 2022, sen acreditar, de ningún xeito, que os mesmos se deriven de dita actividade.
  - Non acredita a recorrente que os danos se tiveran producido nesa data e a consecuencia da referida obra, toda vez que non o puxo en coñecemento desta entidade, nin ese mesmo día nin en días próximos.
  - Tampouco o puxo en coñecemento de ningunha autoridade, Garda Civil ou Policía Local, co obxecto de que se levantase o correspondente atestado.
  - Esta entidade non tivo coñecemento dos supostos danos polo que, en ausencia de proba algunha, salvo as meras afirmacións da reclamante, os danos, de existir e ser reais, puideron ter ocorrido noutro lugar e en data distinta á indicada pola reclamante.
  - Non queda acreditada a existencia de relación ou nexo causal entre o funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos e os danos reclamados, polo que non procede a asunción de responsabilidade algunha por parte desta entidade.
- Segundo o relato da reclamante, o seu vehículo estivo estacionado desde as 8:30 h ata as 14:30 h, e foi consciente de que toda a superficie estaba recuberta dun pulverizado ó volver ó centro de traballo pola tarde e tras activar o limpiaparabrisas e percibir como se tivera areas, polo que o relatado puido acontecer en calquera outro momento e lugar na liña argumental de que efectivamente os danos se tiveran producido.



Considerando.- Que a reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido sendo, asemade, as declaracións aportadas ó expediente das compañeiras do centro de traballo, e coas que a une unha relación de compañeirismo, testemuñas que non presenciaron os feitos senón que unicamente corroboran que o vehículo se atopaba estacionado no lugar, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica dos feitos e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte o cal tanto o informe do Servizo de Infraestruturas como as alegacións da empresa Construcciones Taboada y Ramos, S.L., se constitúen coma elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual...

*“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención.”*

De tal operación, e a teor do artigo 218 do citado texto:

*“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso.”*

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que non se proba pola parte reclamante a realidade fáctica do relatado.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que ó abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil a empresa contratada para a execución dos traballos.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación.



35.32242.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DOS LOTES 2 E 3 DO CONTRATO DO SERVIZO DE TALA DE ARBORADO NO DOMINIO PÚBLICO DAS MARXES EN ESTRADAS DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2020022320)

Na sesión ordinaria do día 19 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou, por lotes, o contrato que rexe na prestación do *Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra*.

O Lote Nº 1 adxudicouse á empresa *Ocisat SL* (CIF B-15.480.403) polo seguinte importe:

Prezo unitario (sen IVE): ..... 38,53 €  
IVE (21%) ..... 8,09 €  
Prezo unitario (IVE incluído) ..... 46,62 €

O Lote Nº 2 adxudicouse á empresa *Misturas Obras e Proxectos S.A.* (CIF A-32.118.705) polo seguinte importe:

Prezo unitario (sen IVE): ..... 41,64 €  
IVE (21%) ..... 8,74 €  
Prezo unitario (IVE incluído) ..... 50,38 €

A empresa *Misturas SA* conta con etiqueta que acredita a xestión e control de calidade vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 9001 ou equivalente) e etiqueta que acredita o control medioambiental vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001 ou equivalente).

O Lote Nº 3 adxudicouse á empresa *Maderdeza Forestal y Servicios S.L.* (CIF B-94.190.899), polo seguinte importe:

Prezo unitario (sen IVE): ..... 39,50 €  
IVE (21%) ..... 8,30 €  
Prezo unitario (IVE incluído) ..... 47,80 €

A empresa *Maderdeza Forestal y servicios SL* conta con etiqueta que acredita o control medioambiental vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN ISO 14001 ou equivalente).

Os prezos refírense a prezo por unidade (ud) realmente talada de árbore maior de 10 cm de diámetro de entre as especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documento administrativo de data 25 de marzo de 2021 e o prazo de duración é de un ano desde a súa formalización, establecéndose a posibilidade de tres prorrogas de un ano de duración cada unha delas.



A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2022, a primeira prórroga de todos os lotes do contrato de “Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra para o ano 2021” dende o 25 de marzo de 2022 e ata o 24 de marzo de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Así mesmo, mediante Resolución Presidencial número 2023000142, de data 12/01/2023, acordase a resolución do lote 1 do contrato coa empresa Ocisat S.L.

Con data 09 de xaneiro de 2023 a Xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais en informe conxunto co Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar os lotes 2 e 3 do devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 25 de marzo de 2022 e ata o 24 de marzo de 2023.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato en data 05 de xaneiro de 2023, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 31 de xaneiro do 2023 (CSV: Y6PG3P1SKDNK9HBW), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato por unha anualidade, desde o 25 de marzo do 2023 ata o 24 de marzo do 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 25 de marzo de 2023.”*



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato para a prestación do “*Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra*” subscrito coas empresas *Misturas Obras e Proxectos S.A.* (CIF A-32.118.705) para o Lote 2 e *Maderdeza Forestal y Servicios S.L.* (CIF B-94.190.899) para o Lote 3, durante o período do 25 de marzo do 2023 ata o 24 de marzo do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (143.990,00 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 25 de marzo do 2023 ata o 24 de marzo do 2024) e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

| Anualidade | Lote   | Aplicación orzamentaria | Importe total (con IVE) |
|------------|--------|-------------------------|-------------------------|
| 2023       | Lote 2 | 456.4530.210.00         | 86.394,00 €             |
| 2023       | Lote 3 | 456.4530.210.00         | 57.596,00 €             |

36.32243.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DO SISTEMA CORPORATIVO DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.  
 (Expte.- 2020030636)

Na sesión ordinaria do día 12 de marzo de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de *Servizo de mantemento e soporte do sistema corporativo de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra* á empresa SOLITIUM NOROESTE S.L.U. (B-15361348), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 12 de abril de 2021 e o prazo de duración é de 2 anos a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de unha prórroga de 2 anos de duración.

Posteriormente, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 15 de xullo de 2022, acordou, recoñecer a sucesión do contratista no contrato do “servizo de mantemento e soporte do sistema corporativo de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra”, entendendo subrogada a entidade Solitium, S.L. (B50570571) nos dereitos e obrigas que correspondían a Solitium Noroeste S.L.U. (B15361348), con efectos desde o día 17 de maio do 2022.



Con data 18 de xaneiro de 2023 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, coa conformidade do deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 2 anos, con efectos desde o 12 de abril do 2023 ao 11 de abril de 2025.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 27 de decembro de 2022 (data de comparecencia: 28/12/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 20 de xaneiro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202300016176, polo importe de 175.972,26 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.9260.227.09, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202300016177, polo importe de 212.960,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.227.09 para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 31 de xaneiro do 2023 (CSV: BF6SGI12VXTQDU3K), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga deste contrato por 2 anos, desde o 12 de abril do 2023 ata o 11 de abril do 2025.*”

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 12 de abril do 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>.2 a).





A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato do “*Servizo de mantemento e soporte do sistema corporativo de impresión e dixitalización da Deputación de Pontevedra*”, subscrito por sucesión coa empresa *Solitium, S.L.* (B50570571), durante o período desde o 12 de abril do 2023 ata o 11 de abril do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (425.920,00 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 12 de abril do 2023 ata o 11 de abril do 2025) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe (con IVE) |
|------------|-------------------------|-------------------|
| 2023       | 23/926.9260.227.09      | 175.972,26 €      |
| 2024       | 24/926.9260.227.09      | 212.960,00 €      |
| 2025       | 25/926.9260.227.09      | 36.987,74 €       |

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2024 e 2025 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

37.32244.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO, ASISTENCIA E APOIO Á EXPLOTACIÓN DE DATOS DO SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL DO ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (GTT). (Expte. 2020018532)

Na sesión ordinaria do día 05 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de *Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación de datos do sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL-Deputación de Pontevedra (GTT)* á empresa *Gestión Tributaria Territorial, S.A.* (A81957367), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 09 de marzo de 2021, sendo o prazo de duración de 2 anos a contar a partir do día seguinte á formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha.

Con data 18 de xaneiro de 2023 a Directora de Xestión dos Servizos do Oral, coa conformidade do deputado delegado, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de 1 ano, con efectos desde o 10 de marzo do 2023 ata o 09 de marzo do 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.



Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 17 de novembro de 2022 (data de comparecencia: 18/11/2022), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 23 de xaneiro do 2023, a Intervención emitiu documentos de retención de crédito con número de operación 202300016834 e 202300016854, polo importe de 180.178,02 € e 85.658,00 € respectivamente, con cargo á aplicación orzamentaria 23/932.9320.227.23, e documentos de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202300016843 e 202300016860, polo importe de 41.251,98 € e 19.612,00 € respectivamente, con cargo á aplicación orzamentaria 24/932.9320.227.23, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023 e 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 02 de febreiro do 2023 (CSV: 73PSPGDUL78C2WIP), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga deste contrato por 1 ano, desde o 10 de marzo do 2023 ata o 09 de marzo do 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 10 de marzo do 2023.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato do “*Servizo de mantemento, asistencia e apoio á explotación de datos do sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL-Deputación de Pontevedra (GTI)*” subscrito coa empresa *Gestión Tributaria Territorial, S.A.* (A81957367), durante o período desde o 10 de marzo do 2023 ata o 9 de marzo do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto (326.700,00 €) é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 10 de marzo do 2023 ata o 09 de marzo do 2024) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

| Anualidade               | Concepto            | Aplicación orzamentaria | Importe (con IVE) |
|--------------------------|---------------------|-------------------------|-------------------|
| 2023 (9 meses e 22 días) | Mantemento          | 932.9320.227.23         | 180.178,02 €      |
|                          | Apoio á explotación | 932.9320.227.23         | 85.658,00 €       |
| 2024 (2 meses e 9 días)  | Mantemento          | 932.9320.227.23         | 41.251,98 €       |
|                          | Apoio á explotación | 932.9320.227.23         | 19.612,00 €       |

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

38.32245.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 6410 BODANÑO-MERZA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 6+010 (CONCELLO DE VILA DE CRUCES)”. (Expte.2023000959)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 6410 BODANÑO - MERZA que percorre o termo municipal de Vila de Cruces pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 6.876 metros. O treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 6410 BODANÑO - MERZA resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 6+010, mediante a reposición do firme e da súa capacidade portante, mellora da drenaxe e operacións complementarias de reposición de sinalización horizontal afectada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de execución da obra “*Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)*”, cun orzamento base de licitación de 465.874,10 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1.

Resultando.- Que con data 01/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...infórmase favorablemente o expediente..*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto de execución da obra “*Reposición de firme na E.P. 6410 Bodaño-Merza, P.Q. 0+000 ao P.Q. 6+010 (Concello de Vila de Cruces)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, cun orzamento base de licitación de 465.874,10 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 2LJAP7YB53J7N1M1.



39.32246.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7204 SOUTELO-RATEL, DENDE O P.Q. 5+000 Ó P.Q. 9+429 (CONCELLO DE FORCAREI)”. (Expte. 2023000984)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7204 SOUTELO-RATEL que percorre o termo municipal de Forcarei pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 9.429 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 7204 SOUTELO-RATEL resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429, mediante a reposición do firme, mellora da drenaxe lonxitudinal, execución de redutores físico de velocidade e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adjudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei)”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei) cun orzamento base de licitación de 361.143,28 € IVE incluído. A este proxecto asígnouselle o código (CSV) ZFMA5W0O8WG2GRTA.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 361.143,28 €, con número de operación 202300015466 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que con data 01/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente..*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...*a adjudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”



Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 7204 Soutelo-Ratel, dende o P.Q. 5+000 ó P.Q. 9+429 (Concello de Forcarei)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, *César Paredes Rodríguez*, cun orzamento base de licitación de 361.143,28 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) ZFMA5W0O8WG2GRTA.

40.32247.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9801 PONTE-A LAXES (CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA)”. (Expte. 2023000985)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 9801 PONTE- A LAXES que percorre o termo municipal da Illa de Arousa pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 1.254 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 9801 PONTE- A LAXES resulta necesario proceder á reparación da estrada en toda a súa lonxitude, mediante a execución de saneos, fresado dunha franxa lateral da capa de rodadura existente. Posteriormente, procederase á aplicación dun simple tratamento superficial e a reposición do firme existente mediante a extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente e execución de pasos de peóns sobreelevados. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*”, cun orzamento base de licitación de 293.461,64 € IVE incluído. A este proxecto asígnouselle o código (CSV) XPCDTQS01CMI5YW0.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 293.461,64 €, con número de operación 202300015655 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que con data 01/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...infórmase favorablemente o expediente..*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes (Concello de A Illa de Arousa)*”, redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Belén Pampín Camino, cun orzamento base de licitación de 293.461,64 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XPCDTQS01CMI5YW0.

41.32248.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO, XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PROGRAMA CONECTADAS 2023”.(Expte. 2022070680)

De acordo co establecido nos artigos 9.2 e 14 da Constitución, e artigo 2 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Deputación de Pontevedra, a través de servizo de Igualdade convoca o programa Conectadas 2023, co obxectivo de potenciar a participación e a promoción de mulleres e favorecer, as relacións interpersoais igualitarias, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A Xefa do servizo de Igualdade en data 24/11/2022 informa que debido a falta de recursos e de persoal especializado necesario para a impartición de todas as materias así como a especificación dos traballos a realizar, necesita acudir a unha contratación externa polo que propón a contratación dunha asistencia técnica encargada da organización e xestión do programa CONECTADAS 2023.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación e o catálogo de accións formativas a desenvolver, recollidas en cinco bloques: 1. Emprende: iniciativas sostibles para o emprego, 2. ExpresARTE, 3.- Conéctate, 4.- Sementa sustentabilidade, 5.- O teu momento. Coidado e Benestar.

Resultando que pola Intervención se emite documento de retención de crédito co número por importe de 323.974,20€ para o ano 2023, con cargo a aplicación orzamentaria 2023/250.2315.227.07, do vixente orzamento provincial.

Na memoria xustificativa csv 2STYDKHO6CTCIEFQ, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo especial (Anexo IV) do artigo 312 da LCSP “contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía”. O réxime xurídico ao que fai referencia o artigo 312 da LCSP determínase nas bases reguladoras do programa CONECTADAS 2023 que foron aprobadas pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2023, e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, previsto como ordinario no artigo 131.2 LCSP.

Visto o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral con data 14/12/2022 csv THWL0UQO653D2G41 e dilixencia de data 17/01/2023 csv H93KB5BZ14M1PFDB, seguidamente trasládase o expediente de contratación a Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.





Resultando que con data 3/02/2023 pola Intervención se informa favorablemente o expediente csv NUH9V924FULVCCX6.

Considerando o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), segundo o que se cualifican como contratos de servizo aqueles que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando o artigo 312 da LCSP, no que recolle as especialidades dos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da asistencia técnica para a contratación dunha empresa especializada na execución do programa CONECTADAS 2023, de acordo co seguinte detalle:

Prezo por curso (IVE engadido): 1.472,61€

Prezo para todo o programa CONECTADAS 2023 (220 cursos) (IVE incluído), é de: 323.974,20€.

O prazo de execución do contrato é de 9 meses a contar desde a sinatura do contrato.

A Deputación non se compromete a contratar un número mínimo de accións formativas xa que este número dependerá do número de solicitudes presentadas, sempre e cando non se supere o orzamento máximo previsto para o programa.

2.- Autorizar o gasto por importe de 323.974,20€, de acordo coa seguinte distribución:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------|-------------------------|------------------------|
| 2023       | 250.2315.227.07         | 323.974,20€            |

3.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csv BWNUISENNORVEGBQV e de prescricións técnicas csv 8QC7R6MRPNNGDK70 e o catálogo de cursos csv UJXV7VL631AIE2JT, que rexerán en dito procedemento aberto.

4.-Designar como responsable do contrato a Xefa do servizo de Igualdade Lucía Muradas Arcay.



5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

42.32249.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O APOIO AO ENTE XESTOR DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO-PARADANTA “UNHA TERRA ENTRE RÍOS” E DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES “OS CAMIÑOS POR DENTRO” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU. (Expte. 2022044467)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes “Os camiños por dentro” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22/12/2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo Rias Baixas para a súa valoración.

Recibido informe do servizo do Turismo Rias Baixas (CSV: (X4KSGUFAVK30NDR5), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12/01/2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (24,50 puntos).



Unha vez efectuada a valoración dos criterios avaliados automaticamente a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19/01/2023, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas Nuevas Ventajas SL e Tech Friendly SL por non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (24,50 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación dos dous lotes do contrato a favor da UTE Cinfo Contenidos informativos personalizados SL -Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU, polos prezos e valores ofertados para cada un dos lotes.

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Tendo en conta o artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e as especialidades establecidas no artigo 50 do RD-L36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, segundo o cal este expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 20-01-2023, comproba que a empresa Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 6946, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (Rolece) e que a empresa Cinfo Contenidos informativos personalizados SL atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (Rolece).

Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude dos empresarios canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar. Asimesmo queda acreditado que a empresa Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU atópase ao corrente coas obrigas tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado e coa Seguridade Social.



Mediante Resolución Presidencial número 2023000497, de 24/01/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á UTE Cinfo contenidos informativos personalizados SL-Rent a Brain Consultores Sector Público SL, que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A UTE Cinfo contenidos informativos personalizados SL-Rent a Brain Consultores Sector Público SL presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2023004946, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polos seguintes importes:

Lote 1: por importe de 2.200,00 € (carta de pago núm. operación 202300021396, do 31/01/2023).

Lote 2: por importe de 3.300,00 € (carta de pago núm. operación 202300021398, do 31/01/2023).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Excluir do procedemento de contratación ás empresas *Nuevas Ventajas SL* e *Tech Friendly SL* por non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (24,50 puntos), de conformidade co establecido na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.
- 2.- Adxudicar os dous lotes do contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta “*Unha terra entre ríos*” e do Plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeirós-Terra de Montes “*Os camiños por dentro*” no



marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola *Unión Europea-Next Generation EU* a UTE *Cinco Contenidos informativos personalizados SL -Rent a Brain Consultores Sector Publico SLU*, polos prezos e valor es ofertados para cada un dos lotes , e conforme ao seguinte:

Prezo total ofertado:

| Lote   | Importe (sen IVE) | IVE         | Importe total |
|--|-------------------|-------------|---------------|
| -PSTD Condado -Paradanta                       | 44.000,00 €       | 9.240,00 ,€ | 53.240,00 €   |
| Lote nº2.-PSTD Deza e Tabeirós-Terra de Montes | 66.000,00 €       | 13.860,00 € | 79.860,00 €   |

**Financiación:** As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

| Lote 1     |                         |                        |
|------------|-------------------------|------------------------|
| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
| 2023       | 23/433.4325.227.99      | 37.268,00 €            |
| 2024       | 24/433.4325.227.99      | 15.972,00 €            |
| Total      |                         | 53.240,00 €            |

| Lote 2     |                         |                        |
|------------|-------------------------|------------------------|
| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
| 2023       | 23/433.4324.227.99      | 58.564,00 €            |
| 2024       | 24/433.4324.227.99      | 21.296,00 €            |
| Total      |                         | 79.860,00 €            |

O importe correspondente ao exercicio 2024 quedará condicionado á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

**Forma de pagamento:** parcial

**Fítos de facturación:**

Reservarase unha porcentaxe do importe total de cada lote (sen IVE), en concepto de reserva, que será pagado á finalización da duración do mesmo.

As cantidades reservadas e a porcentaxe de reserva, por lote, ascenderán ás seguintes cantidades:

- Lote 1. PSTD Condado – Paradanta:
  - 8.800,00€ (sen ive) que prepresenta o 20% de reserva
- Lote 2. PSTD Deza e Tabeirós – Terra de Montes
  - 19.800,00€ (sen ive) que representa o 30% de reserva



O pagamento realizarase mensualmente polo importe prorrateado que corresponda do contrato para o que o contratista deberá emitir xunto coa factura un informe sucinto no que conste a actividade realizada nese mes.

As cantidades a pagar mensualmente , por lote serán as seguintes:

Lote 1. PSTD Condado – Paradanta:

– 1.100,00€/mes (sen IVE)

Lote 2. PSTD Deza e Tabeirós – Terra de Montes

– 1.320,00€/mes (sen IVE)

Xunto co dito informe o contratista entregará en formato electrónico toda a documentación debidamente clasificada e ordenada que se xerese nese mes (informes, comunicacións, xustificacións realizadas...)

Se o contrato non se inicia na data prevista (1/01/2023) adecuarase o importe do contrato proporcionalmente á diminución do prazo experimentada como consecuencia do retraso no inicio da execución coa conseguinte repercusión no importe mensual dos pagos.

Así mesmo realizaranse pagos, en atención dos fitos establecidos para o período de duración do contrato, unha vez entregados os pregos solicitados.

#### Lote 1

- Ao mes da formalización: pola redacción de 1 prego de prescricións técnicas de licitación
- Aos 4 meses da formalización: pola redacción de 4 pregos de prescricións técnicas de licitación
- Aos 8 meses da formalización: pola redacción de 4 pregos de prescricións técnicas de licitación
- Aos 11 meses da formalización: pola redacción de 1 pregos de prescricións técnicas de licitación

#### Lote 2

- Ao mes da formalización: pola redacción de 1 prego de prescricións técnicas de licitación
- Aos 4 meses da formalización: pola redacción de 3 pregos de prescricións técnicas de licitación
- Aos 8 meses da formalización: pola redacción de 5 pregos de prescricións técnicas de licitación
- Aos 11 meses da formalización: pola redacción de 2 pregos de prescricións técnicas de licitación

As cantidades a pagar , por lote serán as seguintes:

- Lote 1. PSTD Condado – Paradanta:

– 880,00€/prego (sen IVE)

- Lote 2. PSTD Deza e Tabeirós – Terra de Montes

– 1.320,00€/prego (sen IVE)



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

|                 |                            |                      |               |                   |           |
|-----------------|----------------------------|----------------------|---------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) |                      | Núm. de exp.: | 2022044467        |           |
| Órgano xestor:  | LA0006122                  | Unidade tramitadora: | LA0006135     | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do Servizo de Turismo, Ruth González Reyes.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión

43.32250.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DA EMPRESA TÓRCULO COMUNICACIÓN GRÁFICA S.A. NO “SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS”.  
 (Expte. 2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.



O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Mesa de Contratación, na reunión celebrada día 2 de febreiro de 2023, procedeu á avaliación da única candidatura presentada desde o último acordo do órgano de contratación, e que corresponde coa empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393). A Mesa de Contratación na citada reunión acordou seleccionar á empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Admitir á empresa *Tórculo Comunicación Gráfica S.A.* (NIF A15056393) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:
  - Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2 Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
  - Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.





2. A empresa admitida deberá formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.  
Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.
3. O inicio do SDA comezará tras a finalización da primeira selección, unha vez publicado este acordo no perfil de contratante e formalizado o contrato de adhesión.  
A data de comezo indicárase no documento de formalización e ata o 31 de decembro de 2023.

Establécese a posibilidade de dúas prórroga cunha duración dun ano.

44.32251.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VIAJES HALCÓN, S.A., PARA RESPONDER DO LOTE 1 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN TERMAL DEPOTERMAL 2022” (Expte. 2021043124) (Devogaran 2023006875)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de marzo de 2022 (CSV.- 7J961V9JD0UCVT4L), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “Xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2022” (Expte. 2021043124).

Para responder da realización do lote 1 que compuxo este subministro, a empresa VIAJES HALCÓN, S.A. (CIF.- A-50.005.510), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

| Empresa                          | Lote | Importe   | Carta Pago   | Data       |
|----------------------------------|------|-----------|--------------|------------|
| VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510) | 1    | 8.354,11€ | 202200044567 | 03/03/2022 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o subministro correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil HALCON VIAJES, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 1 do contrato de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2022*” (Expte. 2021043124), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *VIAJES HALCON, S.A.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de oito mil trescentos cincuenta e catro euros con once céntimos (8.354,11 €), para responder, do “*Lote 1*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200044567.

45.32252.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A., PARA RESPONDER DO LOTE 2 DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN TERMAL DEPOTERMAL 2022” (Expte. 2021043124)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 11 de marzo de 2022 (CSV.- 7J961V9JD0UCVT4L), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación da “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2022*” (Expte. 2021043124).

Para responder da realización do lote 2 que compuxo este subministro, a empresa *VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A.* (CIF.- A-28.229.813), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

| Empresa                                   | Lote | Importe    | Carta pago   | Data       |
|---|------|------------|--------------|------------|
| VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A. (A-28229813) | 2    | 55.899,96€ | 202200044714 | 03/03/2022 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o subministro correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do lote número 2 do contrato de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPOTERMAL 2022*” (Expte. 2021043124), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *VIAJES EL CORTE INGLÉS, S.A.*, por resultar adxudicataria de dito lote, e que é a seguinte:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CESCE*, por importe de cincuenta e cinco mil oitocentos noventa e nove euros con noventa e seis céntimos (55.899,96 €), para responder, do “*Lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/03/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200044714.

46.32253.- *APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS, P.Q. 6+000 AO P.Q. 11+500 (CONCELLO DE GONDOMAR)”*. (Expte. 2022072779)

No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

A E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS que percorre os termos municipais de Porriño e Gondomar pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 11.477 km.

Logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS resulta necesario proceder á reparación da estrada dende o P.Q. 6+000 ó P.Q. 11+500, mediante o fresado da estrada, reposición do firme e sinalización, mellora da drenaxe e instalación de sistemas de contención de vehículos, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adjudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adjudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*”.

Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Elena Pérez Alonso, o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*” cun orzamento base de licitación de 617.265,44 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 5ROG04EJB7GBP8BO.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto emitido polo xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: RL798YA3U6NQBVP).

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 617.265,44 €, con número de operación 202200264689 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 01/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...infórmase favorablemente o expediente..*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adjudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª do Libro segundo da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*”, redactado pola enxeñeira María Elena Pérez Alonso, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 617.265,44 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) AZVJDP6Q3JC8SUMJ.

47.32254.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7203, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 0+380. SOUTELO DE MONTES (FORCAREI)”. (Expte. 2022045200)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP-7203 Soutelo–Covas, que transcorre polo concello de Forcarei e que ten unha lonxitude de 9.762 m.

Resultando.- Que na actualidade, o tramo comprendido entre o p. q. 0+000 e o p. q. 0+380 da EP-7203 Soutelo–Covas necesita unha actuación de mellora da seguridade viaria co fin de crear un itinerario peonil que comunique o centro urbano de Soutelo de Montes co entorno da igrexa parroquial de Santa María Madanela de Montes, que se atopa, a maiores, nunha zona con edificacións consolidadas nas marxes da estrada, e cun número importante de peóns que acoden diariamente á igrexa ou ao centro urbano de Soutelo de Montes polo medio da estrada provincial, co risco e inseguridade viaria que iso produce ao non existir unha área reservada para peóns no tramo indicado.

Resultando.- Que con data 23/06/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei, convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*”.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Forcarei* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

|                           | ACHEGA              | %          |
|---------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra  | 242.076,72 €        | 70         |
| Concello de Forcarei      | 103.747,17 €        | 30         |
| <b>TOTAL INVESTIMENTO</b> | <b>345.823,89 €</b> | <b>100</b> |



Recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro José Ángel Núñez Ares, adscrito á empresa CONSULTORES AIN ACTAIVE, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*” cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*”

Resultando.- Que consta no expediente, informe de supervisión do proxecto favorable, emitido por Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV: TNNQV7T9KQYIN1YX).

Resultando.- Que tamén constan no expediente as preceptivas autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia (CVE: nz3Owb3AD9), autorización de Augas de Galicia (CVE XxCmdA65h0), e autorización da Unidade de Estradas do Estado, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (CSV MFOM02S3752A6A2053C9F417572B).

Resultando.- Que consta no expediente certificado do secretario do Concello de Forcarei no que se acredita a posta a disposición da Deputación de Pontevedra dos terreos necesarios para a execución do investimento (CSV: 67K2WHRNGM2GJ5XRHDQFMHC4Y).

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 345.823,89 € con número de operación 202300006550, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 06/02/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...No punto nº 7 da providencia de inicio do expediente de contratación do deputado delegado de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 22 de xullo de 2022 (CSV: JJ3DMMO935KVAQOV), sinalase que: “Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto, o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP”. Non obstante, tendo en conta a data de redacción do proxecto, abril de 2022, sería convinte, dada a situación actual de alza de prezos, que se informara polo técnico competente sobre a súa adecuación aos prezos actuais no mercado.*”



*Así mesmo, deberase ter en conta o prazo para finalizar a obra establecido nas autorizacións concedidas por Augas de Galicia e polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, dado que rematan en xuño e agosto de 2023, respectivamente. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente...”*

Resultando.- Que con data 07/02/2022 emitiu informe o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo o seguinte: “...*Vistas as observacións do Servizo de Intervención indicar que o orzamento base de licitación adecúase ós prezos actuais de mercado...*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...*a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+380. Soutelo de Montes (Forcarei)*” polo enxeñeiro José Ángel Núñez Ares, adscrito á empresa *Consultores Ain Actaive*, cun orzamento base de licitación de 345.823,89 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) V0P7DA9X7LLE2HQ7.

48.32255.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DUN ACORDO MARCO PARA A “SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ALUGUER, DE DIVERSOS VEHÍCULOS DE REPRESENTACIÓN PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.  
(Expte.2021063172)

A Deputación de Pontevedra ten a necesidade de contar cunha flota de vehículos de representación para levar a cabo os desprazamentos, asistencia a actos e eventos e outras obrigas de carácter institucional de vehículos axeitados e de características específicas ó obxecto de tomar parte en tarefas de representación que teñen atribuídas en virtude dos cargos que ocupan (arts. 36 e 37 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, e 109 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia).



Realizada unha análise da situación da flota de vehículos que ten en propiedade a Deputación de Pontevedra, o importe do gasto en seguros que representa, o histórico de reparacións e avarías e a devaluación soportada polos mesmos, non é recomendable nin conveniente a súa reparación tendo en conta a súa antigüidade e o quilometraxe recorrido.

Tendo en conta a constante evolución da normativa medioambiental en canto a emisións, propónse a opción de aluguer de vehículos sen condutor, coa vista posta no obxectivo de contar nun futuro próximo con vehículos con cero emisións. Por isto non parece aconsellable a adquisición de vehículos que en pouco tempo poderán sufrir limitacións pola entrada en vigor de novas normativas de protección medioambiental que ademais, diminuirían notablemente o valor dos mesmos.

Á vista do anteriormente exposto, considerando as necesidades existentes no Parque Móbil da Deputación e a imposibilidade de que a institución poida dar cobertura ás necesidades dos desprazamentos institucionais que deben realizar a presidencia e os deputados provinciais con medios propios, propónse a conclusión dun Acordo Marco de “*Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra*” con características modernas e axeitadas aos fins aos que se van a destinar e cunha duración de 3 anualidades durante as que se prevé amortizar os custos que del se deriven.

O Acordo Marco proposto divídese en 3 lotes por razóns das características técnicas e de equipamento dos vehículos que os integran constituíndo cada un deles unha unidade funcional susceptible de realización independente, permitindo unha maior concorrència e facilitando o acceso á contratación das pequenas e medianas empresas en consonancia co previsto no artigo 1.3. da LCSP

Con data 8 de abril de 2022 o Xefe do Servizo de Contratación, coa conformidade do Deputado Delegado, emite providencia de inicio de expte para a conclusión dun Acordo Marco para a “*Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra*” No mesmo, xustifica ao amparo do previsto no art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a súa necesidade e idoneidade, así como a imposibilidade de que a Institución provincial poida dar cobertura ás necesidades dos centros xestores con medios propios.

O custo desta contratación estímase en 309.276,00€ (IVE engadido) e se propón para o mesmo unha duración de 3 anualidades (36 meses) durante as que se prevé amortizar os custos que supón o mantemento dunha flota de vehículos en propiedade.

Na memoria xustificativa do contrato, emitida con data 6 de febreiro de 2023, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de subministracións suxeito a regulación harmonizada, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e se indica que, tal como prevé o artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación se elaborará un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.





Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral, de data 13 de maio de 2022, e as observacións contidas no mesmo, con data 9 e 15 de novembro de 2022 achéganse a petición da Secretaría informes complementarios por parte do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación e polo Servizo de Contratación, aportando aclaracións e emendas á documentación preparatoria do expediente.

Con data 9 de novembro, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto que con data 1 de febreiro de 2023 a Intervención emite os seguintes documento de retención de crédito:

| LOTE | ANUALIDADE | RC           | IMPORTE    |
|------|------------|--------------|------------|
| 1    | 2023       | 202300020150 | 11.979,00€ |
| 1    | 2023 (10%) | 202300020151 | 1.197,90€  |
| 2    | 2023       | 202300020152 | 55.539,00€ |
| 2    | 2023 (10%) | 202300020154 | 5.553,90€  |
| 3    | 2023       | 202300020155 | 9.801,000€ |
| 3    | 2023 (10%) | 202300020157 | 980,10€    |

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 07 de febreiro de 2023 no que se recollen as seguintes observacións e recomendacións:

*“O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente) e supón un incremento de gasto computable nos exercicios nos que se leva a cabo a execución do gasto, afectando á estabilidade nos mesmos. Non obstante, no exercicio 2023 está suspendida a aplicación no que se refire á estabilidade e ó cumprimento da regra do gasto. Ademais, no caso de adxudicar posteriormente contratos derivados que comprometan gasto corrente de exercicios futuros, incidirá no cálculo da estabilidade e da regra do gasto como maior gasto computable dos vindeiros exercicios, e, por conseguinte, na sustentabilidade económico – financeira a medio prazo”.*

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministración, os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, dítarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do Acordo Marco de “*Subministración, en réxime de aluguer, de diversos vehículos de representación para a Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2021063172).

O orzamento para os 3 Lotes (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 309.276,00€ que se adecúa aos prezos do mercado e se desagrega para cada un dos 3 Lotes, conforme ao seguinte detalle:

Lote 1: Vehículo de Alta Representación

| Lote | Tipo vehículo                                | Unidades | Centro xestor | Orzamento unitario mensual (sen IVE) | Orzamento mensual flota (sen IVE) |
|------|--|----------|---------------|--------------------------------------|-----------------------------------|
| 1    | Turismo de alta representación (Presidencia) | 1        | Parque Móbil  | 1.100,00 €                           | 1.100,00 €                        |
|      |  |          |               | IVE (21%)                            | 231,00 €                          |
|      |  |          |               | TOTAL                                | 1.331,00 €                        |

Lote 2: Turismos Berlina de Representación

| Lote | Tipo vehículo                     | Unidades | Centro xestor | Orzamento unitario mensual (sen IVE) | Orzamento mensual flota (sen IVE) |
|------|-----------------------------------|----------|---------------|--------------------------------------|-----------------------------------|
| 2    | Turismo Berlina de representación | 6        | Parque Móbil  | 850,00 €                             | 5.100,00 €                        |
|      |                                   |          |               | IVE (21%)                            | 1.071,00 €                        |
|      |                                   |          |               | TOTAL                                | 6.171,00 €                        |



**Lote 3: Vehículo de representación 8/9 prazas con maletreiro**

| Lote | Tipo vehículo  | Unidades | Centro xestor | Orzamento unitario mensual (sen IVE) | Orzamento mensual flota (sen IVE) |
|------|--|----------|---------------|--------------------------------------|-----------------------------------|
| 3    | Vehículo de representación 8/9 prazas con maletreiro | 1        | Parque Móbil  | 900,00 €                             | 900,00 €                          |
|      |  |          | IVE (21%)     | 189,00 €                             | 189,00 €                          |
|      |  |          | <b>TOTAL</b>  | <b>1.089,00 €</b>                    | <b>1.089,00 €</b>                 |

O valor estimado do contrato é de 332.280,00€.

O prazo de duración do Acordo Marco será de 3 anos (36 meses) a contar desde a data que figure no documento de formalización de cada un dos lotes do mesmo.

O cumprimento da vixencia dará lugar a extinción do Acordo Marco, sen prexuízo de que, a duración dos contratos que se deriven do mesmo, ou se celebren baixo a súa vixencia, poidan superar dito prazo.

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente Acordo Marco no ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 920.9200.204.00.

Pola súa parte, nas anualidades 2024, 2025 e 2026, o gasto quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria e á aprobación dos correspondentes orzamentos provinciais e os contratos baseados serán financiados no seu día nas correspondentes anualidades con cargo á aplicación orzamentaria 920.9200.204.00, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: UXSF7RWD12NV6GJT) e de prescricións técnicas (CSV:N78ZSXT8A39YS763) que rexerán como lei fundamental do contrato e que obran no expediente.

3.- Nomear como responsable do contrato á Xefatura do Parque Móbil co asesoramento do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, ou á persoa na que delegue.

4.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



49.32256.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA” (Expte 2022049711)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 5002, que transcorre polo Concello de A Cañiza e que ten unha lonxitude de 12.770 metros e comunica os núcleos de A Cañiza e Mouretán.

Resultando.- Que as obras que se pretenden realizar, están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-5002 entre os núcleos de As Achas e a Ponte, ó longo duns 560 metros, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil. Previamente ó inicio das obras é preciso proceder á demolición dos pavimentos existentes que non sexan compatibles coa nova solución proxectada e dos muros de fábrica, bordos e cunetas revestidas que entren non ámbito da actuación, así coma ó fresado do firme nos entronques. Tamén se procederá á retirada de varandas e barreiras, sinais, etc. e á adaptación de pozos de rexistro e arquetas á cota da nova rasante.

Resultando.- Que con data 20 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza*, convenio de colaboración par a execución da obra “Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza”, por importe de 411.015,58 €.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de A Cañiza mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

|                          | ACHEGA       | %   |
|--------------------------|--------------|-----|
| Deputación de Pontevedra | 287.710,91 € | 70  |
| Concello A Cañiza        | 123.304,67 € | 30  |
| TOTAL INVESTIMENTO       | 411.015,58 € | 100 |



Resultando.- Que recolle tamén o convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGOS, S.A. D. Pablo Blanco Ferreiro, o proxecto de execución da obra “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” cun orzamento base de licitación de 411.015,58 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC con número 202300007773 e 202300022901, por importes de 324.702,31 € e 86.313,27 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 22 de novembro de 2022 asinado polo enxeñeiro xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández.

Resultando.- Que tamén constan no expediente autorizacións da dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (CSV 59RBI6LOK3RUH4NJ), por atravesar a actuación a contorna de protección da Ponte das Achas e do peto de ánimas da ponte, e autorización da Confederación Hidrográfica do Miño Sil (CSV EZQOA068URO4VDS3), por desenvolverse o proxecto na zona de policía do río Deba e do regato da Ponte das Achas.

Resultando.- Que con data 08/02/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “*...Deberase ter en conta que a autorización concedida pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para realizar a actuación, recolle como condición que as obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses, a partir da data de notificación da autorización, que tivo lugar o 10 de xuño de 2022. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, sen prexuízo do sinalado sobre a dispoñibilidade dos terreos e coas observacións e recomendacións formuladas...*”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “*...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...*”



Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª do Libro segundo da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”, redactado pola enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.*, cun orzamento base de licitación de 411.015,58 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE.

Non se poderá proceder á aprobación do expediente de contratación ata que quede acreditado a dispoñibilidade dos terreos necesarios para levar a cabo este investimento.

50.32257.- COMUNICACIONES

Non houbo.

51.32258.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

